A antedicha planificación estratéxica foi posteriormente concretada e desenvolvida mediante o Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (en diante, RGS), así pois na súa Sección 1ª do Capítulo III, indícase que os Plans Estratéxicos de Subvencións deben converterse en “un instrumento de planificación das





políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública”.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sinala nos seus artigos 3 e seguintes os principios que han de rexer a actividade económica pública, entre os que se contan o de estabilidade orzamentaria, o de sustentabilidade financeira, o de transparencia ou o de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos. En concreto, o seu artigo 7 sinala que:

“1. As políticas de gasto público deberán encadrarse nun marco de planificación plurianual e de programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

3. As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”.

Pola súa banda, a LXS sinala, na súa exposición de motivos, que unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas. No seu artigo 8.3 recolle os principios xerais polos que ha de rexerse a xestión das subvencións:

- a) Publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración





outorgante.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Así mesmo o artigo 8.1 da citada Lei establece que “os órganos das Administracións Públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

As bases reguladoras de cada subvención farán referencia ao Plan estratéxico de subvencións no que se integran, sinalando de que modo contribúen ao logro dos seus obxectivos; noutro caso, deberá motivarse por que é necesario establecer a nova subvención, mesmo aínda non sendo prevista no Plan, e a forma en que afecta o seu cumprimento”. A inclusión deste segundo parágrafo do artigo 8, entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2023. Esta regulación foi desenvolta polos artigos 10 a 15 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, debe ser interpretado no sentido de que a aprobación dun Plan Estratéxico de Subvencións, con carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constitúe un requisito esencial do procedemento subvencional, de modo que o incumprimento desa obrigaón, por parte da Administración pública ou Entre público convocante das axudas públicas pode determinar a nulidade da convocatoria da subvención pública como se ten pronunciado recentemente en interese casacional o Tribunal Supremo (TS) Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 3ª na Sentencia 306/2021 de 4 de marzo de 2021.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Ten previsto a Consellería de Sanidade aprobar no presente ano o Plan Estratéxico de Subvencións, cuxa aprobación resulta de obrigado cumprimento





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 11:47:12
Nº Rexistro: 17330
Data envío: 15/01/2025 11:47:12.405

legal de conformidade co disposto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e correlativo artigo 10 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo?

Santiago de Compostela, a 15 de Xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/01/2025 11:11:31

Paloma Castro Rey na data 15/01/2025 11:11:38

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

61007

@PSdeG



CSV: B0R0G\$P00uX6uZS\$7CHg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 31.2 da Constitución Española sinala que o gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos e a súa programación e execución responderán os criterios de eficiencia e economía.

Doutra banda, o artigo 135 da Constitución dispón que “todas as Administracións Públicas adecuarán as súas actuacións ao principio de estabilidade orzamentaria”.

O anterior fai compatible o ánimo do lexislador introducindo a programación e a planificación estratéxica da actividade subvencional das Administracións que quedou plasmado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (en diante, LGS). Así, no seu artigo 8 (de carácter básico) establece que “os órganos das Administracións Públicas ou calquera que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

A antedicha planificación estratéxica foi posteriormente concretada e desenvolvida mediante o Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (en diante, RGS), así pois na súa Sección 1ª do Capítulo III, indícase que os Plans Estratéxicos de Subvencións deben converterse en “un instrumento de planificación das





políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública”.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sinala nos seus artigos 3 e seguintes os principios que han de rexer a actividade económica pública, entre os que se contan o de estabilidade orzamentaria, o de sustentabilidade financeira, o de transparencia ou o de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos. En concreto, o seu artigo 7 sinala que:

“1. As políticas de gasto público deberán encadrarse nun marco de planificación plurianual e de programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

3. As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”.

Pola súa banda, a LXS sinala, na súa exposición de motivos, que unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas. No seu artigo 8.3 recolle os principios xerais polos que ha de rexerse a xestión das subvencións:

- a) Publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración





outorgante.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Así mesmo o artigo 8.1 da citada Lei establece que “os órganos das Administracións Públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

As bases reguladoras de cada subvención farán referencia ao Plan estratéxico de subvencións no que se integran, sinalando de que modo contribúen ao logro dos seus obxectivos; noutro caso, deberá motivarse por que é necesario establecer a nova subvención, mesmo aínda non sendo prevista no Plan, e a forma en que afecta o seu cumprimento”. A inclusión deste segundo parágrafo do artigo 8, entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2023. Esta regulación foi desenvolta polos artigos 10 a 15 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, debe ser interpretado no sentido de que a aprobación dun Plan Estratéxico de Subvencións, con carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constitúe un requisito esencial do procedemento subvencional, de modo que o incumprimento desa obrigaón, por parte da Administración pública ou Entre público convócate das axudas públicas pode determinar a nulidade da convocatoria da subvención pública como se ten pronunciado recentemente en interese casacional o Tribunal Supremo (TS) Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 3ª na Sentencia 306/2021 de 4 de marzo de 2021.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Ten previsto a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas aprobar no presente ano o Plan Estratéxico de Subvencións, cuxa aprobación





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 11:47:59
Nº Rexistro: 17331
Data envío: 15/01/2025 11:47:59.109

resulta de obrigado cumprimento legal de conformidade co disposto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e correlativo artigo 10 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo?

Santiago de Compostela, a 15 de Xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/01/2025 11:11:53

Paloma Castro Rey na data 15/01/2025 11:12:02

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

61011

@PSdeG



CSV: B0REBQ\$7aPqGm967CHg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 4ª, Educación e Cultura Urbano**

Urbano Lugrís é un dos creadores galegos máis destacados do século XX. O seu legado como pintor, muralista, ilustrador e poeta é hoxe recoñecido dentro e fora de Galicia.

Os galegos e as galegas somos os herdeiros do legado cultural deste creador sobresaínte. Por isto, a Xunta de Galicia, dentro das súas competencias, vén realizando diversas actuacións encamiñadas á conservación e a posta en valor da obra artística de Urbano Lugrís.

- Recentemente recuperouse para o patrimonio público o mural “Translación do corpo do Apóstolo a Santiago”, que se exhibe desde febreiro de 2023, na entrada do Museo Gaiás.
- O Museo Massó abrirá ao público unha sala de exposicións dedicada en exclusiva ao artista, na que se exhibirán de xeito permanente unha serie de pinturas do artista que, na actualidade, permanecen almacenadas.

Nesta folia de ruta, a Xunta de Galicia iniciou o procedemento para declarar Ben de Interese Cultural (BIC), na categoría de monumento, os murais de Urbano Lugrís situados nos números 25 e 27 da rúa Olmos da Coruña, publicando a incoación do Diario Oficial de Galicia. Con esta acción, o Goberno galego está outorgando a máxima protección patrimonial ao conxunto mural realizado polo pintor coruñés. Por todo o exposto, os deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

- Que actuacións está realizando a Xunta de Galicia en relación coa protección do legado de Urbano Lugrís?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 15/01/2025 11:47:34

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2025 11:47:48

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 11:48:04

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 11:48:16

José Luis Ferro Iglesias na data 15/01/2025 11:48:24

Raúl Santamaría González na data 15/01/2025 11:48:36

Julio García Comesaña na data 15/01/2025 11:48:51

Patricia García González na data 15/01/2025 11:49:31

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/01/2025 11:50:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Galicia é unha terra moi rica polo valor histórico e artístico do seu patrimonio edificado, entre o que destacan un importante número de tempos que constitúen auténticas xoias arquitectónicas.

Colaborar na rehabilitación destes espazos é apostar por preservar o patrimonio das nosas vilas e cidades, así como asegurar que todo este tesouro estea a disposición das futuras xeracións e constitúa un atractivo máis desde o punto de vista turístico e cultural.

Moitas destes tempos forman parte tamén da identidade e memoria colectiva das comunidades nas que se emprazan, polo que a súa preservación e rehabilitación contribúe a manter vivos estes elementos que definen a sociedade e favorecen o sentimento de identidade e pertenza.

A maiores da súa función relixiosa, moitos destes espazos son tamén centros comunitarios onde se desenvolven actividades de interese xeral: culturais, sociais, educativas. A súa rehabilitación garante que estes inmobles estean a disposición da comunidade.

A colaboración da Xunta de Galicia coas dioceses galegas favorece ademais un enfoque inclusivo e participativo na xestión e preservación do patrimonio da Igrexa así como o apoio técnico e económico para que estes proxectos de rehabilitación sexan máis efectivos, completos e sostíbeis.

Baixo estas premisas son habituais a sinatura de protocolos ou convenios de colaboración para a conservación destas edificacións, como é o caso do autorizado recentemente para actuar e sete igrexas: a colexiata de Santa María do Campo na Coruña, as igrexas de Bugallido en Ames, de Santa Cristina de Fecha en Santiago, de Santiago do Deán na Pobra do Caramiñal, de Luou en Teo, a de San Martiño de Rodís en Cerdeda e a igrexa de Santalla de Rebordaos no Saviñao.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia) [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

1. Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento dos plans para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 15/01/2025 11:58:50

Carmen Pomar Tojo na data 15/01/2025 11:59:17

Patricia García González na data 15/01/2025 11:59:36

Julio García Comesaña na data 15/01/2025 11:59:49

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2025 12:00:01

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:00:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Raúl Santamaría González na data 15/01/2025 12:00:33

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:00:45

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/01/2025 12:02:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://www.twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: B6R6G5TR3g00W96zCHg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Galicia é unha terra moi rica polo valor histórico e artístico do seu patrimonio edificado, entre o que destacan un importante número de tempos que constitúen auténticas xoias arquitectónicas.

Colaborar na rehabilitación destes espazos é apostar por preservar o patrimonio das nosas vilas e cidades, así como asegurar que todo este tesouro estea a disposición das futuras xeracións e constitúa un atractivo máis desde o punto de vista turístico e cultural.

Moitas destes tempos forman parte tamén da identidade e memoria colectiva das comunidades nas que se emprazan, polo que a súa preservación e rehabilitación contribúe a manter vivos estes elementos que definen a sociedade e favorecen o sentimento de identidade e pertenza.

A maiores da súa función relixiosa, moitos destes espazos son tamén centros comunitarios onde se desenvolven actividades de interese xeral: culturais, sociais, educativas. A súa rehabilitación garante que estes inmobles estean a disposición da comunidade.

A colaboración da Xunta de Galicia coas dioceses galegas favorece ademais un enfoque inclusivo e participativo na xestión e preservación do patrimonio da Igrexa así como o apoio técnico e económico para que estes proxectos de rehabilitación sexan máis efectivos, completos e sostibles.

Baixo estas premisas son habituais a sinatura de protocolos ou convenios de colaboración para a conservación destas edificacións, como é o caso do autorizado recentemente para actuar e sete igrexas: a colexiata de Santa María do Campo na Coruña, as igrexas de Bugallido en Ames, de Santa Cristina de Fecha en Santiago, de Santiago do Deán na Pobra do Caramiñal, de Luou en Teo, a de San Martiño de Rodís en Cerdeda e a igrexa de Santalla de Rebordaos no Saviñao.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



1. En que consisten as actuacións concretas que se prevén impulsar ao abeiro do convenio de colaboración coas dioceses galegas para a conservación de sete igrexas que forman parte do patrimonio cultural de Galicia?
2. Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento dos plans para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 15/01/2025 12:24:16

Carmen Pomar Tojo na data 15/01/2025 12:24:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2025 12:24:42

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:24:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 12:29:25
Nº Rexistro: 17340
Data envío: 15/01/2025 12:29:25.453

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:25:03

Raúl Santamaría González na data 15/01/2025 12:25:20

Julio García Comesaña na data 15/01/2025 12:25:32

Patricia García González na data 15/01/2025 12:26:09

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/01/2025 12:26:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0R0G0\$B0p\$AGM5T5ZCHg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O cancro de mama continúa sendo o cancro máis frecuente entre as mulleres nos países desenvolvidos. Estímase que no ano 2018 diagnosticáronse na Unión Europea 404.900 novos casos, o que representa o 29,2% de todos os cancros na muller e unha taxa de incidencia de 108,8 por 100.000 mulleres.

España ten unha taxa de incidencia media en relación cos países da súa contorna (84,9 por 100.000 mulleres).

Coa finalidade de abordar o problema de saúde que supón o cancro de mama, a Dirección Xeral de Saúde Pública puxo en marcha en 1992 a primeira unidade de exploración mamográfica do PGDPCM, contando coa colaboración da Asociación Española Contra el Cáncer (AECC).

Desde aquel momento, o Programa foise estendendo progresivamente ata cubrir no ano 1998 o 100% da poboación obxectivo. Ata o ano 2004 a poboación á que ía dirixido o Programa eran todas as mulleres residentes en Galicia de 50 a 64 anos.

Seguindo as directrices da Unión Europea, a partir de 2005, o Programa comezou a ampliación progresiva do grupo de idade ata os 69 anos, obxectivo que se acadou no ano 2009.

Có fin de ampliar a estrutura fixa de análise realizouse unha reestruturación que posibilitou que todos os hospitais públicos de Galicia contén cun mamógrafo agás A Coruña e Vigo que contan con dous.

As usuarias do Programa que residen nun municipio con dificultades de acceso á unidade de exploración mamográfica que lles corresponde teñen á súa disposición un sistema de transporte gratuito en autobús, o cal permite prestar unha atención completa e de calidade ás doentes.

A envergadura do Programa fai que a coordinación das unidades de avaliación radiolóxica, das unidades de diagnose e tratamento e a coordinación xeral do Programa estea centralizada no servizo de Programas poboacionais de cribado da Dirección Xeral de Saúde Pública.



Neste servizo é onde se recibe e rexistra na base de datos do Programa toda a información remitida polos hospitais. Sendo desde esta propia unidade de xestión onde periodicamente se realiza a avaliación da súa actividade e resultados.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre os resultados do programa de cribado de cancro de mama desde a súa posta en marcha hai xa máis de 30 anos?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 11:42:53

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 11:43:04

Noelia Pérez López na data 15/01/2025 11:43:18

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 11:43:29

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 11:43:39

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 11:43:49

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 11:43:59

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 11:44:10

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 11:44:21



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O cancro colorrectal é o tumor maligno máis frecuente no conxunto da poboación na Unión Europea, e a segunda causa de morte por cancro tanto en homes como mulleres.

É un grave problema de saúde polo feito de ser o cancro máis frecuente se temos en conta ambos sexos (é o segundo nas mulleres despois do cancro de mama e o terceiro nos homes tras os de pulmón e próstata). Ó que se une a que é un tipo de cancro que produce síntomas cando a enfermidade está avanzada.

A supervivencia aos 5 anos do diagnóstico é do 75%-90% se está en estadio I-II e de só o 15% se o estadio é IV. Polo tanto adiantar o diagnóstico diminúe a mortalidade por esta enfermidade.

Afortunadamente, dende hai uns anos, en Galicia estase a desenvolver o Programa Galego de Detección Precoz do Cancro Colorrectal, cun obxectivo claro de reducir a incidencia deste tumor, diminuíndo a mortalidade ou aumentando a supervivencia en base a un diagnóstico precoz.

Recentemente tivemos coñecemento de que a Consellería de Sanidade viña de modificar a súa estratexia de cribado de cancro colorrectal co obxectivo de incrementar a participación, e tamén detectar un maior número de casos, enviando directamente ó domicilios os test do cribado para unha detección precoz de dito cancro.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Cal é a valoración que fai a Consellería de Sanidade das melloras introducidas non programa de cribado para a detección precoz do cancro colorrectal?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 11:46:50

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 11:47:01

Noelia Pérez López na data 15/01/2025 11:47:14

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 11:47:28

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 11:47:39

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 11:47:49

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 11:48:01

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 11:48:11

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 11:48:28



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Boa parte das enfermidades conxénitas do metabolismo (ECM) son enfermidades consideradas raras ou moi raras e, a pesar diso son, en conxunto, patoloxías frecuentes, estimándose unha prevalencia global de 50,9 por cada 100.000 nacementos.

A realidade é que as ECM constitúen unha causa importante de morbi-mortalidade, e teñen un impacto global notable desde a perspectiva de Saúde Pública.

O Programa Galego para a Detección Precoz de Enfermidades Endócrinas e Metabólicas en Período Neonatal tivo a súa orixe no 1978, e foi pioneiro en España no cribado neonatal. Con posterioridade ampliouse coa incorporación da espectrometría de masas en xullo de 2000.

Neste senso a Xunta de Galicia foi pioneira coa aprobación no 2021 da Estratexia Galega de Enfermidades Raras 2021/2024, co obxectivo principal de establecer un novo modelo asistencial para as enfermidades raras, optimizado e baseado en criterios homoxéneos para garantir un prazo de diagnóstico máis reducido, menor variabilidade no manexo do/a doente e unha xestión máis áxil, coordinada e eficiente.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que melloras está a incorporar a Xunta no programa galego de cribado neonatal?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 11:51:24

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 11:51:34



Noelia Pérez López na data 15/01/2025 11:51:46

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 11:51:58

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 11:52:11

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 11:52:20

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 11:52:33

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 11:52:44

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 11:52:56



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención aos pacientes diagnosticados cunha enfermidade rara precisa dunha abordaxe específica pola alta complexidade destas patoloxías, xa que as enfermidades raras poden afectar a múltiples órganos e sistemas, cunha ampla diversidade de síntomas e desordes incluso dentro da mesma patoloxía.

A Xunta de Galicia aprobou o 7 de maio de 2021 a Estratexia Galega de Enfermidades Raras.

O seu obxectivo é o de establecer un novo modelo asistencial para este tipo de doenzas que garanta un prazo de diagnóstico máis reducido, unha menor variabilidade no manexo e unha xestión máis áxil, coordinada e eficaz.

Ademais, en novembro do 2020, aprobábase neste Parlamento unha iniciativa na que se instaba a Xunta de Galicia a crear unidades multidisciplinares para a abordaxe destes pacientes, o texto literal do acordo é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear unidades funcionais multidisciplinares que proporcionen atención especializada aos pacientes con enfermidades raras e garantan uns tempos máximos para as súas consultas e probas.

Do mesmo xeito, tamén se consolidará a rede de investigación sanitaria pública dotándoa de recursos para ter un maior coñecemento destas patoloxías que permitan un diagnóstico máis temperán, redundando así nun maior beneficio para as doentes».

O mes de febreiro de 2022 iniciaron o seu funcionamento tres unidades nas áreas sanitarias de A Coruña, Santiago e Vigo.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento da Estratexia Galega de Enfermidades Raras?



Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 11:55:39

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 11:55:52

Noelia Pérez López na data 15/01/2025 11:56:05

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 11:56:18

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 11:56:29

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 11:56:38

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 11:56:51

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 11:57:01

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 11:57:17



Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O programa Xuventude Mentoring, impulsado pola Xunta de Galicia, é un programa integral e completo de formación e mentoring destinado a persoas mozas tituladas e inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil na Comunidade Autónoma de Galicia. Trátase dun programa pioneiro promovido pola Dirección Xeral de Xuventude e o Cixug, en colaboración coas tres universidades galegas, e cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Emprego Xuvenil.

O obxectivo principal desta iniciativa é favorecer a transición dende o ámbito académico á vida laboral das persoas mozas que se encontran entre os 18 e 30 anos con estudos de grao ou de formación profesional.

Por outra banda, a Xunta de Galicia tamén ten impulsado o programa Xuventude Mentoring na Empresa, o cal ofrece á xente nova estadías formativas de ata tres meses en empresas ou entidades públicas ou privadas vinculadas a sectores económicos estratéxicos en Galicia, co obxectivo de que poidan mellorar as súas posibilidades de incorporación ao mercado laboral. Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Qué balance fai o Goberno galego sobre os programas Xuventude Mentoring e Xuventude Mentoring na Empresa?
2. Qué beneficios lle aportan á mocidade?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 12:39:44

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:40:06

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:40:19

José Luis Ferro Iglesias na data 15/01/2025 12:40:31

Raúl Santamaría González na data 15/01/2025 12:40:43

Julio García Comesaña na data 15/01/2025 12:41:05

Patricia García González na data 15/01/2025 12:41:16

Carmen Pomar Tojo na data 15/01/2025 12:41:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2025 12:41:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

É indubidable que o uso dos antibióticos foi un dos avances máis importantes da medicina, e que é un dos factores que permite a saúde e o benestar como o entendemos na actualidade.

Non só pola súa aplicación na medicina humana, senón polo seu uso tamén na gandaría e agricultura, para a mellora na obtención de alimentos.

Pero dende hai anos, o foco de atención está na aparición das resistencias que as bacterias están presentando aos antibióticos, por causa dun mal uso destes. E isto pode provocar que para infeccións de pouca importancia haxa que empregar cada vez medicamentos máis potentes, ou incluso que nos quedemos sen antibióticos para combater determinadas infeccións.

Os expertos coinciden en que a crecente aparición e propagación das infeccións causadas por bacterias resistentes a antibióticos constitúe unha das ameazas máis graves para a saúde pública.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como se pretende abordar en Galicia o problema referente á resistencia que as bacterias están presentando ós antibióticos nos próximos anos dende o ámbito da saúde pública?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 11:59:59

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 12:00:10



Noelia Pérez López na data 15/01/2025 12:00:22

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 12:00:36

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:00:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 12:00:59

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 12:01:11

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 12:01:22

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:01:36



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A hepatitis C é unha enfermidade hepática que pode causar unha infección que nunha alta porcentaxe é asintomática, pero pode producir tamén un fallo hepático fulminante.

Ademais, nunha elevada porcentaxe de casos, a infección aguda evoluciona á cronicidade con graves consecuencias para a saúde da persoa que a padece.

Aproximadamente un 15-25% das persoas infectadas eliminan o virus espontaneamente nun prazo de seis meses, sen necesidade de tratamento algún. O 75-85% restante desenvolverán a infección crónica e entre o 60% e o 70% das que padecen a infección crónica sofren unha hepatopatía crónica; entre un 5% e un 20% contraen cirrose e entre un 1% e un 5% falecen por cirrose ou cancro de fígado.

Dende Galicia empregamos como marco xeral o “Plan estratéxico para a abordaxe da hepatitis C no sistema nacional de saúde”, elaborado por un grupo de expertos designados polo Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade no 2015. Pero, dende o ano 2022, contamos cunha Estratexia para a eliminación da hepatitis C en Galicia.

Segundo a planificación para a eliminación da Hepatite C en Galicia, en 2023 comezouse a realizar o cribado entre as persoas nadas entre 1963 e 1974.

Deste xeito, dende a Consellería de Sanidade anunciouse que se aspira a eliminar a enfermidade na comunidade autónoma galega en 2026.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Que avances ten realizado a Xunta de Galicia para conseguir o obxectivo fixado coa Estratexia para a eliminación da hepatitis C en Galicia?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 12:04:08

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 12:04:19

Noelia Pérez López na data 15/01/2025 12:04:34

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 12:04:46

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:04:57

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 12:05:07

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 12:05:17

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 12:05:28

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:05:39



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia vén apostando por novas medidas en materia de saúde mental especialmente dende 2020. A pandemia puxo de relieve os problemas de saúde mental e foi preciso reaccionar e mellorar a atención neste eido.

A recente creación da especialidade de psiquiatría infanto-xuvenil no ano 2021 puxo de manifesto a necesidade de aumentar a idade de atención nestas unidades dos 16 aos 18 anos. Isto melloraría a atención a estes pacientes, xa que esa transición da especialidade infanto-xuvenil á de adultos pode supoñer un gran cambio para eles.

Estas medidas son agora máis posibles que nunca en Galicia grazas ao aumento de recursos ambulatorios con unidades de saúde mental infanto-xuvenís e hospitais de día.

Ese aumento de recursos dase no marco do Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19 2020-2024. Grazas a este plan puxéronse en funcionamento hospitais de día de saúde infanto-xuvenil nas sete cidades galegas, así como a Unidade de hospitalización psiquiátrica do Álvaro Cunqueiro.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como se prevé o aumento da idade de atención na psiquiatría infanto-xuvenil no marco do Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19 2020-2024?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 12:08:15

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 12:08:26

Noelia Pérez López na data 15/01/2025 12:08:40



Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 12:08:53

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:09:02

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 12:09:12

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 12:09:24

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 12:09:35

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:09:49



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia iniciou en 2023 un proceso de transformación dixital nos departamentos de anatomía patolóxica co obxecto de substituír o actual proceso de diagnóstico realizado a través do emprego dos microscopios tradicionais, por un diagnóstico baseado na visualización da mostra nun soporte dixital. O volume diario de mostras a dixitalizar supera as 5.000 e o volume anual sitúase por enriba dos 1,1 millóns.

O modelo de transformación proposto permitirá un diagnóstico en rede e un diagnóstico máis intelixente, xa que este novo modelo de traballo leva implícito a posibilidade de empregar algoritmos de intelixencia artificial como axuda ó traballo dos profesionais e a posibilidade de diagnosticar en calquera lugar e por calquera profesional sen a necesidade da presenza física do cristal da mostra.

Para lograr este obxectivo realizáronse un conxunto de inversións tecnolóxicas entre as que se encontraba a adquisición dun importante número de escáneres encargados de dixitalizar o cristal, a adquisición do almacenamento dixital ou a adquisición de estacións diagnósticas para a visualización da imaxe.

A aplicación da dixitalización nas áreas de anatomía patolóxica aportará importantes melloras nos cidadán galegos xa que:

- Facilitará o diagnóstico en rede.
- Permitirá a redistribución de cargas de traballo nos servizos e a posibilidade de traballar por especialidade.
- Dotará de maior obxectividade e precisión na cuantificación por parte do patólogo.
- Habilitará a activación de sistemas de apoio o diagnóstico baseados en IA.
- Consolidará bancos de imaxes para a docencia e a investigación.
- Optimizará o almacenamento do cristal.



- Axilizará os procesos de segunda opinión permitindo o acceso a experto clínico con independencia da súa localización.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que estado de execución se atopa a adquisición da infraestrutura necesaria para acometer o proceso de dixitalización da anatomía patolóxica?
2. Cal é o calendario de execución previsto nas 7 áreas de saúde que permita un diagnóstico 100% dixital?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 12:12:34

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 12:12:45

Noelia Pérez López na data 15/01/2025 12:12:59

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 12:13:12

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:13:22

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 12:13:32

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 12:13:43

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 12:13:53

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:14:07



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, presentou en setembro de 2023 a Estratexia de Oncoloxía de Precisión que constitúe a folia de ruta para implantar unha medicina personalizada para o cancro en Galicia, seguindo os principios reitores da equidade e eficiencia.

A citada estratexia foi deseñada a través dun proceso de colaboración no que participaron de xeito directo profesionais sanitarios, xestores e sociedades científicas.

Ademais, durante o proceso de elaboración da mesma, escoitouse a voz doutras partes interesadas coma representantes dos intereses dos pacientes, industria biotecnolóxica e farmacéutica.

O proceso de consulta participativa permitiu identificar necesidades non cubertas, así coma oportunidades e pancas de cambio a empregar para alcanzar os obxectivos enfocados. Como resultado establecéronse 17 liñas de traballo que unha vez implementadas, permitirán mellorar o diagnóstico e tratamento do cancro a través dunha medicina personalizada e de precisión.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as accións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para por en marcha a Estratexia de Oncoloxía de Precisión?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 12:16:44

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 12:16:55



Noelia Pérez López na data 15/01/2025 12:17:09

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 12:17:20

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:17:30

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 12:17:40

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 12:17:52

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 12:18:08

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:18:23



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) mudaron a sociedade actual, converténdose nunha ferramenta de uso diario. A sanidade, como o resto das disciplinas, ten a obriga de modernizarse e avanzar, adaptándose ás necesidades e esixencias da sociedade actual.

A innovación permite unha mellor atención ós cidadáns, unha maior interacción cós doentes, así como a optimización dos recursos e o desenvolvemento de novos retos na prevención e detección de distintas patoloxías.

Galicia non é allea a este cambios, por iso foi pioneira en procesos de dixitalización no ámbito sanitario como ca posta en marcha da historia clínica electrónica única (IANUS) no 2004.

Este sistema, empregado por todos os profesionais dos centros de saúde, hospitais, centros concertados, residencias sociosanitarias e oficinas de farmacia; e consultado a diario por multitude de cidadáns e profesionais facilitando e mellorando a atención.

A historia clínica electrónica foi sen dúbida a punta de lanza dun intenso proceso de dixitalización que englobou a todo o Servizo galego de saúde e, se cadra, se intensificou nos últimos anos con novas ferramentas como o TELEA e o CRM100.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as novas funcionalidades que recollerá o nova historia clínica electrónica?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 12:21:04

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 12:21:15



Noelia Pérez López na data 15/01/2025 12:21:41

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 12:21:53

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:22:03

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 12:22:13

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 12:22:27

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 12:22:48

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:23:03



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A insuficiencia suprarrenal aguda (ISA) é unha condición médica grave e potencialmente mortal que ocorre cando as glándulas suprarrenales non producen suficientes hormonas esteroides, como o cortisol e a aldosterona.

Esta condición pode ser causada por unha produción deficiente e repentina de esteroides suprarrenales, como resultado da retirada brusca de medicamentos glucocorticoides ou por unha enfermidade subxacente que afecta as glándulas suprarrenales.

O diagnóstico da insuficiencia suprarrenal aguda baséase na historia clínica, os síntomas e os resultados das probas de laboratorio. Estas probas poden incluír análises de sangue para medir os niveis de cortisol, aldosterona e outros marcadores, así como unha proba de estimulación rápida con ACTH (hormona liberadora de corticotropina) para avaliar a resposta das glándulas suprarrenales.

O tratamento da insuficiencia suprarrenal aguda implica a administración inmediata de glucocorticoides para substituír as hormonas esteroides deficientes. Isto axuda a estabilizar ó paciente e previr complicacións graves. Ademais, pódense requirir medidas de soporte, como a reposición de líquidos e electrolitos, e o tratamento da enfermidade subxacente que causou a crise suprarrenal.

É importante destacar que a insuficiencia suprarrenal aguda é unha emerxencia médica e require atención inmediata, polo que si se experimenta algún síntoma débese acudir ós servizos de urxencias ou chamar ó 061.



Actualmente existe un proxecto que esta funcionando como piloto no CHUS cuxo obxectivo é identificar precozmente os pacientes con risco de sufrir unha Insuficiencia Suprarrenal Aguda en todos os ámbitos asistenciais mediante unha actuación coordinada multidisciplinar e garantir a implantación de forma inmediata das medidas que demostraron a diminución da morbilidade por esta causa.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora o funcionamento do proxecto piloto insuficiencia suprarrenal aguda que se está levando a cabo no Hospital clínico de Santiago?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 12:26:06

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 12:26:16

Noelia Pérez López na data 15/01/2025 12:26:30

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 12:26:43

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:26:54

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 12:27:06

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 12:27:18

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 12:27:29

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:27:41



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Dolores Hermelo Piñeiro, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O mes de setembro, un día antes do Día Internacional para a prevención do suicidio, recibimos a nova de que o Ministerio de Sanidade volvía a anunciar a posta en marcha dun plan para la prevención del suicidio de ámbito nacional, cousa que xa anunciara na súa toma de posesión e no pasado mes de abril.

A Ministra explicou as liñas xerais do futuro plan, o cal prevé realizar unha abordaxe multidisciplinar estruturado en seis obxectivos e 40 accións.

Desta volta, a data que deu a Ministra para a súa entrada en funcionamento foi en 2025, semella que nos 6 anos de goberno socialista non abundou o tempo para realizalo.

Sen embargo, con outra maneira de facer as cousas, en Galicia fomos pioneiros lanzando o Plan de Saúde Mental de Galicia PosCovid-19 2020-2024. Este plan, aprobado polo Consello da Xunta o 25 de xuño do 2020, conta cunha memoria asistencial detallada e unha dotación orzamentaria de 83 millóns de euros para os 4 anos do Plan.

A nivel de persoal, o Plan de Saúde Mental galego supuxo crear 241 prazas nos últimos anos, posibilitando a creación de novas unidades de saúde mental en todas as áreas sanitarias, así como unha segunda unidade de psiquiatría infanto-xuvenil ou unidades de prevención do suicidio nas sete cidades galegas.

Así mesmo, o Goberno galego xa anunciou o seu traballo de avaliación do presente Plan para comezar a redactar un novo Plan, se cabe, máis ambicioso.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do anuncio realizado pola Ministra de sanidade en relación á aprobación dun plan de prevención do suicidio?



Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 12:30:35

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 12:30:46

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 12:30:57

Noelia Pérez López na data 15/01/2025 12:31:14

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 12:31:26

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:31:41

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 12:31:53

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 12:32:05

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:32:19



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Dolores Hermelo Piñeiro, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A diabetes é unha enfermidade pola cal os niveis de glicosa en sangue son demasiado altos. Iso pode suceder debido á falta de produción de insulina por parte do organismo, unha hormona producida no páncreas.

É por estes síntomas que os pacientes de diabetes deben monitorizar regularmente os seus niveis de glicosa para saber se precisan administrarse insulina. Tradicionalmente este tratamento sempre resultou tedioso e aparatoso, dificultando aos pacientes facer vida normal.

Grazas aos avances tecnolóxicos foi posible desenvolver sensores que monitorizan os niveis de glicosa dunha maneira menos invasiva e automática.

Arredor do 8% dos galegos padecen esta enfermidade, para a cal a Sociedade Española de Endocrinoloxía e Nutrición recomenda o uso dalgunha tecnoloxía que facilite o control da glicosa, xa que estas tecnoloxías melloran a corresponsabilidade e autocontrol dos pacientes sobre a enfermidade.

Somos coñecedores de que a Xunta comezou a distribuír sensores de glicosa nos fogares dos pacientes diabéticos, que son moi útiles e lle permitirán aos pacientes mellorar a súa calidade de vida.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do proxecto e-diabetes e como prevé o seu impacto na vida dos pacientes?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 12:35:04



Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 12:35:14

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 12:35:27

Noelia Pérez López na data 15/01/2025 12:35:42

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 12:35:58

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:36:09

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 12:36:22

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 12:36:33

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:36:46



Á Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González e Borja Vereas Fraiz deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 4ª Educación e Cultura**.

O audiovisual galego atravesará un dos seus mellores momentos, desenvolvendo importantes proxectos e incluso poñendo os ollos máis alá das nosas fronteiras. Motivo polo cal, as Medallas de Galicia de 2024 premiaron o traballo deste sector.

Luis Tosar, Zaza Ceballos e a Academia Galega do Audiovisual foron os premiados, máis detrás destes recoñecementos agóchase todo un sector que constitúe unha importante plataforma de promoción da nosa cultura e da nosa lingua, chegando a converterse nos últimos anos nunha importante fonte de riqueza e de xeración de emprego dentro da nosa Comunidade.

Tendo isto en conta, cómpre que a acción das administracións públicas axude de maneira decidida a seguir promocionando un sector en alza, a través de distintas iniciativas que permitan o seu crecemento progresivo e a súa internacionalización.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan as seguintes preguntas:

1. Que axudas ten posto en marcha a Xunta de Galicia para o sector do audiovisual?
2. Que beneficios tiveron para a promoción da cultura e da lingua?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 12:54:47
Nº Rexistro: 17372
Data envío: 15/01/2025 12:54:47,978

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 15/01/2025 12:51:20

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2025 12:51:50

José Luis Ferro Iglesias na data 15/01/2025 12:52:00

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 12:52:08

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 12:52:15

Raúl Santamaría González na data 15/01/2025 12:52:26

Julio García Comesaña na data 15/01/2025 12:52:39

Patricia García González na data 15/01/2025 12:52:51

Borja Vereza Fraiz na data 15/01/2025 12:53:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0R0G-\$Rg-JGVM2S7-CHg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Julio García Comesaña, Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Rubén Lorenzo Gómez, Cecilia Vázquez Suárez, Raúl Santamaría González e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 4ª Educación e Cultura** .

Días antes das Eleccións Autonómicas deste mesmo ano, o presidente Alfonso Rueda fixo público o seu compromiso de levar a cabo a compra do Teatro Cine Fraga. Hoxe, despois de ter gañado por ampla maioría as eleccións, o histórico edificio é xa un símbolo da aposta do Goberno galego pola preservación da riqueza cultural da cidade de Vigo.

A compra realizada pola Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra permite iniciar o deseño dun proxecto cultural de gran envergadura e continuidade no tempo, dotando a unha das principais cidades galegas dunha maior oferta cultural.

Neste senso, o Goberno galego xa adiantou que levará a cabo a elaboración dun plan de usos que permita deseñar as liñas mestras dunha programación atractiva e novidosa.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes do Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que accións está a desenvolver o Goberno galego para elaborar o plan de usos do Teatro Cine Fraga de Vigo?
2. Que suporá a recuperación deste edificio para a cidade de Vigo?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 15/01/2025 13:07:30

Julio García Comesaña na data 15/01/2025 13:07:57

Patricia García González na data 15/01/2025 13:08:06

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/01/2025 13:08:16

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 13:08:25

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 13:08:33

José Luis Ferro Iglesias na data 15/01/2025 13:08:43

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2025 13:08:55

Raúl Santamaría González na data 15/01/2025 13:09:09

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/01/2025 13:13:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia lanza unha nova convocatoria do programa Xuventude Crea, dirixido a mozos e mozas non profesionais que desenvolvan a súa actividade artística de entre os 16 e os 30 anos.

Este programa nace co propósito de apoiar e estimular a creatividade, a imaxinación e a innovación da mocidade galega, ofrecendo un espazo onde novos talentos poidan mostrar as súas creacións artísticas.

Xuventude Crea non só proporciona unha oportunidade de proxección pública, senón que tamén busca apoiar economicamente aos participantes e visibilizar o seu traballo nunha ampla gama de 17 especialidades artísticas. Serve como unha plataforma para que a xuventude galega expoña o seu talento e contribúa ao desenvolvemento cultural da comunidade.

Ademais, o programa fomenta o ocio saudable e o tempo libre creativo, actuando como unha canle de divulgación artística que permite que as inquietudes e propostas da mocidade sexan coñecidas e valoradas.



Xuventude Crea é, en definitiva, unha iniciativa clave para potenciar a expresión artística e a innovación entre os máis novos en Galicia.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Qué novidades trae esta nova convocatoria do programa Xuventude Crea?
- 2.- Qué beneficios lle aporta á xuventude galega?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

Asinado dixitalmente por:

61053



Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 13:42:14

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 13:42:27

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 13:42:37

José Luis Ferro Iglesias na data 15/01/2025 13:43:28

Julio García Comesaña na data 15/01/2025 13:43:45

Patricia García González na data 15/01/2025 13:43:54

Raúl Santamaría González na data 15/01/2025 13:44:05

Carmen Pomar Tojo na data 15/01/2025 13:44:27

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2025 13:44:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os datos de vítimas mortais en estradas en 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a estatística provisional da DGT sobre mortes en estradas en Galiza no ano 2024 (mortes en vías interurbanas nas 24 h posteriores ao accidente), houbo no pasado ano 89 vítimas mortais por accidentes de tráfico no noso país.

Trátase de datos moi preocupantes, xa que as cifras de mortalidade relacionada co tráfico permanecen estabilizadas nos últimos anos: 89 en 2024, 88 en 2023, 89 en 2022 e 79 de 2021. Un dos elementos máis significativos é o incremento das vítimas que corresponden con colectivos vulnerábeis: peóns, motociclistas e ciclistas.

En realidade, estas cifras non reflicten a mortalidade real nas estradas, xa que só computan as vítimas en estradas interurbanas e non inclúen as mortes en vías urbanas. E, como sinalamos, só computan as mortes nas 24 h posteriores ao accidente.

Segundo datos do IMELGA, as vítimas mortais por accidentes de tráfico foron 112 en 2023 (89 na estatística da DGT de mortes durante as 24 h e en vías





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interurbanas), 123 en 2022 (frente ás 89 da estatística da DGT), 113 en 2021 (frente ás 79 da estatística da DGT) e 131 en 2019 (frente ás 89 da DGT).

Nunha análise máis polo miúdo deberían estudarse os datos por tipos de estradas e por tipo de persoas usuarias das vías, con especial atención ás máis vulnerábeis. Así como outras circunstancias relacionadas coa concentración de accidentes, a intensidade do tráfico nas vías, o uso das vías relacionados con cambios laborais e no sector do transporte, a relación entre sinistralidade e idade, a incidencia de novas formas de mobilidade, ou a incidencia de prácticas de risco como o exceso de velocidade, a condución sen cinto, o uso do móbil, ou o consumo de alcol e drogas.

O peor que podemos facer diante desta dramática realidade é normalizala, facer que pase desapercibida, actuar como se fose algo natural e inevitábel.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que valoración fai a Xunta sobre as preocupantes cifras de vítimas de accidentes de tráfico do ano 2024?

Corresponden estas cifras coas previsións da planificación da Xunta en materia de seguridade viaria?

Que medidas específicas, máis alá das previstas no Plan de Seguridade Viaria, vai desenvolver a Xunta para analizar as causas da sinistralidade e reducir as vítimas de accidentes de tráfico?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta realizar algún estudo específico sobre a evolución da sinistralidade e da mortalidade nas estradas nos últimos anos?

Ten previsto o goberno galego desenvolver un programa de atención integral ás vítimas de accidentes de tráfico e ás persoas achegadas?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/01/2025 18:30:39

Paulo Ríos Santomé na data 15/01/2025 18:30:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o número de prazas de residencias de maiores en Arteixo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En todo o país, conséntase a necesidade de crear prazas públicas en residencias de maiores, tanto polo envellecemento da poboación como pola situación social actual.

Unha veciña de Arteixo puxo en marcha unha recollida de sinaturas para demandar máis prazas públicas no seu concello debido a unha situación persoal. Esta persoa conseguiu máis de 5000 sinaturas, o que pon de manifesto a importancia e sensibilización social en relación con este problema.

Na actualidade, en Arteixo só existe unha residencia pública de maiores, a construída e doada pola Fundación Amancio Ortega, que oferta 64 prazas (32 delas están xestionadas pola Xunta de Galiza e 32 polo Concello de Arteixo), e este concello ten máis de 33.000 habitantes, dos que o 17,5 % son persoas maiores de 65 anos, conforme datos do Instituto Galego de Estatística.

A alternativa a esta situación son outras residencias do país, que tamén están saturadas e nas que non hai prazas dispoñíbeis na actualidade, ademais da complicación que implicaría este desprazamento para calquera familia, ou residencias privadas, que supoñen un custo que non moitas familias poden asumir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais do alto grao de privatización da atención ás persoas maiores, a escaseza de prazas fai que sexa imposíbel garantir uns coidados dignos e en condicións económicas xustas para a poboación. O caso de Arteixo é paradigmático deste modelo, tanto pola xestión da única residencia pública como pola absoluta inadecuación do número de prazas á realidade da poboación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- O goberno galego ten previsto corrixir o modelo de coidados ás persoas maiores?
- O goberno galego ten previsto aumentar o número de prazas públicas nas residencias de maiores de Arteixo?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 16/01/2025 09:44:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2025 09:47:18





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A onda de inmigrantes chegados a España no verán do 2024 motivou que nun exercicio de solidariedade cos territorios de entrada, se repartiran estas persoas nas diferentes CCAA.

Isto provocou a chegada de grupos de inmigrantes a diferentes concellos galegos e a activación por parte da ONG Rescate Internacional, acompañados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e os actores clave do territorio, que decidiron abrir centros de emerxencia no rural galego.

A maiores deseñouse e coordinouse coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, a través da súa Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, e co Servicio Público de Emprego de Galicia (SPEG), así como diferentes entidades prestadoras de servizos de formación, unha Estratexia de Inserción Socio Laboral que comezou a implementarse no último trimestre do 2024 e que consta de dúas partes fundamentais; **a formación para o emprego e a inserción laboral.**

En base a isto, ata de agora firmouse en novembro do 24 un acordo de colaboración coa Fundación Laboral da Construción (FLC) para desenvolver AFDs durante todo o 2025 nas súas instalacións de Santiago e Lugo.

Coa Asociación de Mecánicos de Lugo (APREVAR) se inscribiron na AFD do último trimestre do 2024 a 5 usuarios e o 15 de xaneiro de 2025, 7 persoas





máis. E no mes de febreiro incorporáranse outras 20 persoas a unha nova AFD exclusiva para usuarios de rescate.

A través de la ONG “Acción contra el Hambre” e a súa Oficia de Emprendemento, localizada en Santiago de Compostela estase a formar a 48 usuarios no curso de manipulador de alimentos.

Coa Fundación Pública Terreo, de Ribeira de Piquín, firmouse un acordo de colaboración para a formación agraria de 4 usuarios residentes no dispositivo aberto no municipio.

No mes de setembro, creáronse outras oportunidades laborais, incorporando un total de 87 persoas ao mercado laboral de Galicia, principalmente en zonas rurais onde as vacantes son de difícil cobertura, en sectores como a gandería, panadería, hostalería, transformación de alimentos, carpintería, construción, electricidade etc.

Pero para que estes cursos de formación poidan ser desenvolvidos con éxito e acadar posteriormente unha integración social plena destas persoas, fai falla tomar outras medidas encamiñadas a facilitar o acceso aos mesmos así como a solucións habitacionais que permitan acceder a unha vida independente fora destes dispositivos de emerxencia, unha vez estas persoas accedan ao mercado laboral.

Para isto a Xunta ten que levar a cabo un Plan de Apoio para integración real de inmigrantes, que contemple entre outras medidas as seguintes:

- Establecer convenios de colaboración con administracións públicas e empresas transportistas para poder fretar autobuses que faciliten a conectividade entre as cidades de Lugo ou Santiago e os centros de





- Dispoñer dunha liña que financie garantías, seguros de impagos ou depósito de fianzas para facilitar o acceso ao aluguer dunha vivenda ou habitación aos usuarios unha vez accedan ao mercado laboral e saian dos dispositivos.
- Co fin de reter poboación insertada laboralmente no rural galego, e indispensable facilitar programas que permitan sacar o carné de conducir a este colectivo, xa que para acceder a servizos básicos como supermercados, farmacias ou centros de saúde, non existen alternativas ao transporte privado.

Por ilo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto este goberno desenvolver medidas de apoio complementarias que faciliten a plena integración dos inmigrantes que residen nos centros de emerxencia e que están a desenvolver programas de formación para o emprego e a inserción laboral?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 16/01/2025 09:58:49

Patricia Iglesias Rey na data 16/01/2025 09:58:58





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 10:02:53
Nº Rexistro: 17438
Data envío: 16/01/2025 10:02:53.552

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/01/2025 09:59:07

CSV: B0R9G-8R6A3XB1957CHg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

61064

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para mellorar a seguridade viaria na AC115 ao seu paso polo Concello de Fene.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Fene é paso obrigado para o tráfico desde Ferrol ou Neda cara Mugardos, e desde Ferrol ou Neda cara Cabanas. Isto explica que por exemplo na estrada AC115, entre Fene e Neda, o número de vehículos que pasan diariamente chegue a ser de 2.500.

O treito desta estrada, titularidade da Xunta, dentro dos límites do Concello de Fene, non ten beirarrúas ao lado esquerdo en dirección Fene-Neda, e carece tamén de pasos de peóns malia as continuas demandas do Concello, precisamente por non existir beirarrúas en ambos sentidos, segundo as explicacións que reciben da Xunta de Galiza.

A demanda tanto de beirarrúas como de pasos de peóns ven sendo unha reclamación xa histórica do Concello de Fene á Xunta de Galiza, que desatende sen apenas explicacións, e que mantén en situación de grave risco ás 1.357 persoas que viven na zona e a todas as persoas que pasan a diario nos seus vehículos.

Persoas maiores con dificultades de mobilidade así como crianzas ou rapaces e rapazas en idade escolar que para chegar á parada dos autobuses cruzan por onde poden, en horarios nos que no inverno aínda é noite e polo tanto sen iluminación suficiente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Por que a Xunta desatende a demanda do Concello de dotar de beirarrúas a estrada AC115 ao seu paso polo Concello de Fene?

. Por que a Xunta desatende a demanda do Concello de dotar de pasos de peóns a estrada AC115 ao seu paso polo Concello de Fene?

. Por que a Xunta de Galiza non se interesa pola seguridade viaria nas estradas da súa titularidade no Concello de Fene?

. Que opina a Xunta de Galiza de que a xente teña que circular e cruzar unha estrada con tanto tráfico sen as debidas medidas de seguridade?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 16/01/2025 10:25:19

José Manuel Golpe Acuña na data 16/01/2025 10:29:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 16/01/2025 10:29:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o número de prazas de educación infantil e primaria en Carral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral é o único centro de educación infantil e primaria de Carral. Este concello está a vivir un aumento da poboación debido a diferentes factores, e a construción e a propia evolución económica e demográfica da comarca fan prever que o número de familias desta localidade se incremente aínda máis a medio e longo prazo.

A finais do curso 2023-24, coincidindo co prazo de matrícula para o curso actual, foi preciso reorganizar as prazas porque a Consellaría deixaba, inicialmente, fóra varios estudantes destas etapas para cumprir coas ratios actuais aprobadas. Finalmente foi posíbel resolver o problema, despois da mobilización das familias, para que ningún neno nin nena quedase sen escolarizar no CEIP Vicente Otero Valcárcel, mais a situación que se viviu pon de manifesto unha realidade que, previsibelmente, se repetirá a finais deste curso e a medio prazo.

Polo tanto, entendemos que continúa a ser notoria a necesidade de ampliar as prazas de alumnado en Carral, sexa a través da construción dunhas novas instalacións no recinto do CEIP Vicente Otero Valcárcel ou dun novo centro noutra zona de Carral, para completar a oferta educativa de infantil e primaria neste concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Cal é o diagnóstico que fai o goberno galego sobre a dispoñibilidade e distribución de prazas de alumnado de infantil e primaria para o curso 2024-2025?
- Entende o goberno galego que a dotación actual de prazas de infantil e primaria para Carral é suficiente para atender as necesidades da poboación?
- Que previsión a medio e longo prazo fai o goberno galego en relación co aumento da poboación en Carral para adaptar a oferta educativa?
- De que xeito ten previsto adaptar o goberno galego a oferta de prazas de alumnado de educación infantil e primaria en Carral?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 16/01/2025 10:46:49

Cristina Fernández Davila na data 16/01/2025 10:48:40





Á Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen Pomar Tojo, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4ª; Educación e Cultura**.

Unha vez que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude xa iniciou o diálogo coas forzas políticas parlamentarias de cara a procurar os consensos necesarios que permitan seguir impulsando e prestixiando o uso do galego en todos os contextos, no marco dun Pacto pola Lingua, corresponde facer a valoración oportuna destes primeiros contactos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en comisión:

Que valoración fai o Goberno galego en relación coa posibilidade de facer realidade un Pacto pola Lingua entre toda as forzas políticas parlamentarias?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 16/01/2025 11:16:25

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/01/2025 11:16:38

Cecilia Vázquez Suárez na data 16/01/2025 11:16:45

Raúl Santamaría González na data 16/01/2025 11:16:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Julio García Comesaña na data 16/01/2025 11:17:04

Patricia García González na data 16/01/2025 11:17:31

Carmen Pomar Tojo na data 16/01/2025 11:17:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/01/2025 11:17:53

Víctor Baladrón Lamas na data 16/01/2025 11:18:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Dolores Hermelo Piñeiro, Encarna Amigo Diaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

É responsabilidade da Xunta de Galicia garantir, dentro do seu ámbito territorial, unha atención farmacéutica continuada, integral, en condicións de equidade e coa calidade adecuada para permitir facer efectivo o dereito da cidadanía á protección da saúde previsto na Constitución española.

A Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia, regula a atención farmacéutica, entendida como un servizo de interese público que comprende un conxunto de actuacións que deben prestarse en todos os niveis de noso sistema sanitario, dirixidas a garantir á cidadanía o acceso rápido, eficaz, oportuno, equitativo e racional aos medicamentos e produtos sanitarios que precise.

Os criterios de planificación farmacéutica concréntanse nun mapa farmacéutico, que é aprobado polo Consello da Xunta e que pode ser revisado por cambios nas necesidades de atención farmacéutica nunha ou varias zonas.

O acceso da poboación rural ós medicamentos é necesario para garantir un nivel de atención sanitaria similar á dos núcleos urbanos, sendo este un dos puntos clave para o mantemento da poboación no medio rural.

As características xeográficas e a dispersión poboacional propias de Galicia, así como a evolución das características sociodemográficas dos últimos anos, poden orixinar situacións de especial vulnerabilidade en certas zonas farmacéuticas, nas que a viabilidade económica das oficinas de farmacia e/ou boticas anexas estase a ver ameazada polo envellecemento da poboación á que atenden e a súa progresiva diminución.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas ten previstas o Goberno Galego para que toda a cidadanía galega teña unha atención farmacéutica próxima, garantindo o equilibrio territorial na prestación de servizos sanitarios?



Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/01/2025 11:20:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/01/2025 11:20:43

Raquel Arias Rodríguez na data 16/01/2025 11:20:52

Noelia Pérez López na data 16/01/2025 11:21:05

Nicole Grueira Fernández na data 16/01/2025 11:21:18

Víctor Baladrón Lamas na data 16/01/2025 11:21:29

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/01/2025 11:21:40

Ethel Vázquez Mourelle na data 16/01/2025 11:21:50

Cecilia Vázquez Suárez na data 16/01/2025 11:22:02



Á Mesa do Parlamento

Dolores Hermelo Piñeiro, Encarna Amigo Diaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Servizo Galego de Saúde puxo en marcha en maio de 2023 o Programa de mellora da adherencia terapéutica mediante preparación e entrega de sistemas personalizados e de doses de medicamentos. Este programa, recentemente actualizado, reflexaba no seu lema “Axudámosche coa túa medicación” una finalidade clara: incrementar a calidade asistencial e os resultados en saúde; mellorando a adherencia aos tratamentos e a toma idónea dos medicamentos.

Esta iniciativa vai dirixida aos pacientes que cumpran determinadas características, como ter una idade superior a 75 anos, vivir sos ou tomar máis de certa cantidade de medicación crónica, así como amosar problemas de adherencia terapéutica ou un uso incorrecto dos medicamentos.

Despois dos primeiros pasos deste programa, decidiuse actualizar o protocolo para facer este servizo máis extensivo e ampliar a poboación obxectivo que se pode beneficiar. Un exemplo desta actualización é a redución do número de medicamentos crónicos prescritos necesarios para poder ao programa.

O citado programa foi froito dunha colaboración entre o SERGAS e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia, que se puxeron por diante varios obxectivos específicos, como reducir erros nas tomas de medicación, evitar problemas de manipulación ou asegurar una correcta conservación. E non só resulta de utilidade para o propio paciente, senón que dadas as características dos mesmos, tamén facilita as labores da familia ou coidadores.

Trátase dun programa que require a coordinación entre profesionais sanitarios, oficinas de farmacia e, por suposto, os citados coidadores dos pacientes. É importante ter o seu funcionamento en conta para seguir garantindo e avanzando na continuidade do programa.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Como avalía a Xunta de Galicia os resultados do Programa de mellora da adherencia terapéutica mediante preparación e entrega de sistemas personalizados e de doses de medicamentos?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/01/2025 11:24:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/01/2025 11:24:56

Raquel Arias Rodríguez na data 16/01/2025 11:25:03

Noelia Pérez López na data 16/01/2025 11:25:15

Nicole Grueira Fernández na data 16/01/2025 11:25:29

Víctor Baladrón Lamas na data 16/01/2025 11:25:39

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/01/2025 11:25:49

Ethel Vázquez Mourelle na data 16/01/2025 11:26:00

Cecilia Vázquez Suárez na data 16/01/2025 11:26:12



Á Mesa do Parlamento

Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O virus respiratorio sincitial (VRS) constitúe a principal causa infecciosa de ingreso en nenos e nenas no seu primeiro ano de vida. É a causa principal e case única da bronquiolite e tamén ocasiona pneumonías.

O pasado inverno, a incorporación do anticorpo monoclonal Nirsevimab ao calendario de inmunizacións de Galicia situou a nosa comunidade como referente e pioneira, sendo os nenos e nenas galegos os primeiros do mundo en vacinarse contra este patóxeno e evitando a enfermidade grave de 400 lactantes.

Fíxose así fronte ao impacto dos ingresos por procesos infecciosos derivados do VRS en lactantes, sendo a bronquiolite aguda a causa máis frecuente de ingreso hospitalario para os máis pequenos, que se producía ano tras ano.

Os datos pre pandemia reflexan que o virus respiratorio sincitial provocaba na nosa Comunidade entre 800 e 1000 hospitalizacións anuais, producíndose o 75% das mesmas en lactantes menores dun ano.

Os resultados da anterior campaña, que se desenvolveu entre o 25 de setembro e o 31 de marzo, evidencian que foi un éxito sanitario, logrando unha efectividade do 87%, unha redución do 90% nos ingresos hospitalarios, e deixando constancia da importancia da prevención e anticipación, así como da relevancia da concienciación e colaboración dos pais e nais na protección da saúde dos máis pequenos. A sanidade galega prepárase agora para afrontar un novo outono cunha nova campaña.

Ademais das infeccións derivadas do virus sincitial, existen outros virus que poden ocasionar infeccións respiratorias complicadas, tanto en maiores como en nenos, como é o caso da gripe.



De feito, os profesionais médicos instan a non subestimala, non esquecendo que causa anualmente un millón de hospitalizacións en menores de cinco anos. Neste sentido, e tamén por primeira vez, Galicia incorporará ao seu calendario a vacina da gripe intranasal desde os 24 ata os 59 meses.

A sanidade en Galicia consolídase como referente no ámbito da prevención, contando co programa de vacinación máis completo do mundo, ao incorporar a vacina 20-valente fronte ao pneumococo e a vacina do herpes zoster no calendario de adultos; ao que hai que sumarlle un calendario completo para a prevención da meninxite incorporando non só a meninxite B senón tamén a que prevén a meninxite polos serotipos AWCY. De igual forma, tamén se inclúen as vacinas contra o rotavirus, o virus do papiloma humano (VPH), a gripe e a citada inmunización contra o virus respiratorio sincitial en lactantes no calendario infantil.

De feito, hai escasos días coñeciamos tamén que a Xunta iniciou unha nova estratexia de vacinación fronte ao virus do papiloma humano, mediante a que se amplía a poboación e se inmunizará a 27 mil varóns nados entre 2006 e 2009, co obxectivo de reducir o incidente de cancros asociados a dito virus en varóns e obter unha maior protección cruzada nas nenas.

As distintas incorporacións de vacinas ao calendario galego poñen de manifesto a aposta da Xunta de Galicia pola saúde, pola protección dos galegos e das galegas e tamén a importancia de seguir traballando ao unísono, xunto aos axentes sociais, aos profesionais no ámbito sanitario, para manter os resultados acadados, continuar avanzando e incorporando novas vacinas.

Tendo en conta o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Como afronta a Xunta de Galicia as novas campañas de vacinación fronte ao virus respiratorio sincitial (VRS), o virus do papiloma e a vacina intranasal contra a gripe?
2. Canto se veu incrementando a inversión destinada ao programa galego de vacinación ata converterse no referente actual?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ethel Vázquez Mourelle na data 16/01/2025 11:30:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/01/2025 11:30:43



Raquel Arias Rodríguez na data 16/01/2025 11:30:50

Noelia Pérez López na data 16/01/2025 11:31:03

Nicole Grueira Fernández na data 16/01/2025 11:31:16

Víctor Baladrón Lamas na data 16/01/2025 11:31:26

Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/01/2025 11:31:36

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/01/2025 11:31:49

Cecilia Vázquez Suárez na data 16/01/2025 11:32:00



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Dolores Hermelo Piñeiro, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A comezos de 2024 comezou a funcionar o Centro Integral de Saúde (CIS) de Lugo logo dun investimento da Xunta de 16,5 M€. Trátase do primeiro centro deste modelo en Lugo, permitindo albergar múltiples servizos da atención primaria. Estase replicando xa este modelo en outros puntos de Galicia, como en Lalín, onde xa funciona desde o pasado 14 de outubro, ou en Vigo, onde o Olimpia Valencia está en plena execución.

Pero sabemos que o compromiso da Xunta con Lugo non se limita a este centro, senón que o Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria ten máis accións previstas na cidade. Este Plan, aprobado en 2021 establece as prioridades, deseñando unha folla de ruta a curto e medio prazo.

Unha das actuacións contempladas no Plan é a construción dun novo Centro de Saúde para o barrio do Sagrado Corazón, en substitución do anterior e que permita actualizar as instalacións e dotalo de novos espazos.

Ambos centros son de prioridade 1 e a postura da Consellería de Sanidade sempre foi axilizar a licitación daqueles centros onde tivera colaboración do Concello para cederlle os terreos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que situación se atopa a construción do novo Centro de Saúde para o barrio do Sagrado Corazón?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 16/01/2025 11:34:51

Cristina Sanz Arias na data 16/01/2025 11:35:12



Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/01/2025 11:35:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/01/2025 11:35:39

Raquel Arias Rodríguez na data 16/01/2025 11:35:47

Noelia Pérez López na data 16/01/2025 11:35:59

Nicole Grueira Fernández na data 16/01/2025 11:36:11

Víctor Baladrón Lamas na data 16/01/2025 11:36:24

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/01/2025 11:36:35

Ethel Vázquez Mourelle na data 16/01/2025 11:36:49

Cecilia Vázquez Suárez na data 16/01/2025 11:37:03



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Elena Candia López, Juan Casares Gándara, José Luis Ferro Iglesias, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, Jose M. Mato Díaz, Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, Katherinie Varela Fernández, Miguel Viso Diéguez, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

O pasado mes de outubro celebrouse en Nogueira de Ramuín o Congreso Internacional “Fontes-Patrimonio Mundial: coñecemento para conservar”, co fin de impulsar a candidatura de Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial.

Unha candidatura que se evaluará no Consello do Patrimonio Histórico de 2026, e para a que a Xunta de Galicia leva dado xa moitos pasos.

Un dos fitos para esta declaración foi o 31 de decembro de 2018 coa aprobación por parte da Xunta do Bic Ribeira Sacra, que delimita tamén o ámbito da candidatura: 16.471 hectáreas repartidas en 22 municipios das provincias de Ourense e Lugo.

Unha candidatura que co praxe de tódalas administracións implicadas (Xunta, Goberno Central, Deputacións e concellos) retirouse en 2021 co obxectivo de melloralala, reformulala e presentala de novo con tódalas garantías.

En abril de 2024 a 94ª sesión do Consello do Patrimonio Histórico Español, acordou por unanimidade que a Candidatura de Ribeira Sacra sexa a proposta conxunta de España para a súa presentación ante a Unesco e optar así a ser recoñecida como Patrimonio Mundial.

A Xunta está cumprindo rigurosamente cos trámites requeridos dende a Unesco para conseguir esta declaración.



Así o propio
Conselleiro

entregou en setembro e París o primeiro avance do expediente da candidatura ao embaixador de España ante a Unesco, Miquel Iceta. E seguindo coa folla de ruta marcada esa documentación complementouse co envío que fixeron os técnicos do Ministerio de Cultura. E agora estase traballando xa coa versión definitiva, que debe entregarse antes do 1 de febreiro de 2025.

Paralelamente a Xunta está levando a cabo numerosas actuacións no territorio.

Dende o ano 2017, dende que a candidatura empezou a armarse, se inverteron 8 millóns de euros en actuacións en máis de 40 bens patrimoniais.

Un tempo durante o que se executaron mais de 90 actuacións en materia arquitectónica e arqueolóxica en diferentes bens como igrexas, mosteiros, museos, castros, xacementos romanos como os de Proendos, etc..

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das actuacións en materia de conservación e restauración do patrimonio arquitectónico e arqueolóxico da Ribeira Sacra dende que se iniciaron os trámites para a declaración deste territorio como Patrimonio Mundial?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025.



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 16/01/2025 11:26:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/01/2025 11:28:46

Enrique Barreiro Sánchez na data 16/01/2025 11:28:59

Cristina Campero Dorado na data 16/01/2025 11:29:14

Juan Manuel Casares Gándara na data 16/01/2025 11:29:33

Elena Candia López na data 16/01/2025 11:30:25

Cecilia Vázquez Suárez na data 16/01/2025 11:31:12

José Luis Ferro Iglesias na data 16/01/2025 11:32:00

Nicole Grueira Fernández na data 16/01/2025 11:32:32

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/01/2025 11:32:44

José Mato Díaz na data 16/01/2025 11:33:05

Noelia Pérez López na data 16/01/2025 11:33:48

Cristina Sanz Arias na data 16/01/2025 11:34:00

Katherinie Varela Fernández na data 16/01/2025 11:34:20

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 16/01/2025 11:34:33

Raúl Santamaría González na data 16/01/2025 11:34:46

Julio García Comesaña na data 16/01/2025 11:34:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/01/2025 11:35:25

Carmen Pomar Tojo na data 16/01/2025 11:35:35



**María Felisa
Rodriguez**

Carrera na data 16/01/2025 11:35:50

Patricia García González na data 16/01/2025 12:01:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación das casas dos profesores do CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel de Carral conta cunhas instalacións no patio denominadas “casas dos profesores”, que na actualidade están cedidas a asociacións de Carral, mais que non se atopan en boas condicións.

Estas casas son titularidade do Concello de Carral, e a súa situación actual fai que supoñan un perigo tanto para as crianzas do CEIP que xogan nos arredores como para as persoas das entidades que as usan.

O espazo que ocupan podería ser utilizado para crear unhas novas instalacións que dean servizo ao CEIP ou para ampliar o espazo de recreo deste centro, en colaboración co Concello, garantindo un espazo para as asociacións municipais.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o diagnóstico que fai o goberno galego sobre a situación da casa dos profesores do CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral?

- Existen conversas ou algún tipo de acordo entre o Concello de Carral e o goberno galego no que se refire ás casas dos profesores do CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral?

- O goberno galego ten previsto corrixir a situación de inseguridade das casas dos profesores do CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 16/01/2025 12:34:56

Cristina Fernández Davila na data 16/01/2025 12:37:26



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Elena Candia López, Juan Casares Gándara, José Luis Ferro Iglesias, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, Jose M. Mato Díaz, Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, Katherinie Varela Fernández, Miguel Viso Diéguez, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O primeiro documento no que se fala de forma oficial de Ribeira Sacra data de hai 900 anos, exactamente do 21 de agosto de 1.124 e asinouno a raíña Tereixa de Portugal.

900 anos que marcan a identidade dun territorio, máis alá da espectacular beleza do mesmo, e que aspira a ser declarado Patrimonio Mundial no ano 2026.

Un dos fitos para esta declaración foi o 31 de decembro de 2018 coa aprobación por parte da Xunta do Bic Ribeira Sacra, que delimita tamén o ámbito da candidatura: 16.471 hectáreas repartidas en 22 municipios das provincias de Ourense e Lugo.

Unha candidatura que co praxe de tódalas administracións implicadas (Xunta, Goberno Central, Deputacións e concellos) retirouse en 2021 co obxectivo de melloralala, reformulala e presentala de novo con tódalas garantías.

Así en abril de 2024 a 94ª sesión do Consello do Patrimonio Histórico Español, acordou por unanimidade que a Candidatura de Ribeira Sacra sexa a proposta conxunta de España para a súa presentación ante a Unesco e optar así a ser recoñecida como Patrimonio Mundial.

A resolución definitiva será no ano 2026 e ata aquelas aínda hai moitos pasos que dar, pero tamén é moito o que a Xunta leva feito.

Entre os actos máis salientables para impulsar a candidatura está o congreso internacional “Fontes-Patrimonio Mundial: coñecemento para conservar, que reuniu a



finais de outubro de 2024 en Nogueira de Ramuín a unha trintena de expertos en Patrimonio de diferentes países e comunidades autónomas, xunto a profesionais dos sectores da cultura e do turismo, e que contou con representantes de tódalas institucións, entre eles o embaixador de España ante a Unesco, Miquel Iceta.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración que a Xunta de Galicia fai dos pasos dados ata o momento para a declaración de Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial?.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 16/01/2025 12:23:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/01/2025 12:29:46

Víctor Baladrón Lamas na data 16/01/2025 12:30:06

Enrique Barreiro Sánchez na data 16/01/2025 12:30:18

Cristina Campero Dorado na data 16/01/2025 12:30:29



**Elena
Candi**

a López na data 16/01/2025 12:31:50

Juan Manuel Casares Gándara na data 16/01/2025 12:32:02

José Luis Ferro Iglesias na data 16/01/2025 12:32:22

Nicole Grueira Fernández na data 16/01/2025 12:33:46

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/01/2025 12:34:02

José Mato Díaz na data 16/01/2025 12:34:14

Noelia Pérez López na data 16/01/2025 12:34:26

Cristina Sanz Arias na data 16/01/2025 12:34:36

Katherinie Varela Fernández na data 16/01/2025 12:34:51

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 16/01/2025 12:35:00

Julio García Comesaña na data 16/01/2025 12:35:07

Patricia García González na data 16/01/2025 12:35:15

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/01/2025 12:35:24

Carmen Pomar Tojo na data 16/01/2025 12:35:35

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/01/2025 12:35:47

Raúl Santamaría González na data 16/01/2025 12:35:55

Cecilia Vázquez Suárez na data 16/01/2025 12:36:16





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Víctor Baladrón Lamas, Raúl Santamaría González, María Felisa Rodríguez Carrera e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura**.

O luns 30 de setembro de 2024, o pleno da corporación de Vigo aprobaba o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións co que o concello da cidade dá por concluída a tramitación municipal que lle permitirá ceder ao Ministerio de Cultura o chan onde está prevista a futura construción da Biblioteca Pública do Estado. Dúas parcelas, situadas entre as rúas Lalín e Coruña, de 6.578 metros cadrados.

Trátase dun paso fundamental que chega tras 17 anos de procura dunha ubicación que permita a localización desta dotación cultural, que Vigo leva décadas anhelando e demandando.

Un paso relevante, pero non definitivo xa que devandito chan deberá ser agora cedido ao Ministerio para licitar o proxecto e posteriormente executar a obra, de cuxa xestión se encargará a Xunta de Galicia.

O 14 de Novembro de 2024 o Goberno de España, respondeu a unha pregunta escrita dos deputados do Grupo Popular na Provincia de Pontevedra con estas palabras: “O Ministerio de Cultura mantén o seu compromiso coa construción da futura Biblioteca Pública do Estado en Vigo. O citado Ministerio manterá as reunións necesarias coas administracións implicadas ao obxecto de que o proxecto se desenvolva con éxito.”

Está claro, polo tanto, que a día de hoxe a pelota está no tellado do Concello de Vigo e do Goberno central.

As negociacións mantidas o longo de todos estes anos a tres bandas, entre o Concello de Vigo (organismo que cede o terreos para a futura Biblioteca do Estado), o Goberno de España (que se encargará de financiar a construción) e a Xunta de Galicia (que xestionaría o equipamento) finalmente frutificaron en 2022 nun acordo polo cal o Ministerio de Cultura aceptaba o programa de necesidades enviado pola Xunta en 2020, e que establecía que a futura biblioteca terían unha dimensión de máis de 8.000 metros cadrados (nun edificio de varias plantas) para cumprir coas necesidades da cidade máis grande de Galicia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Unha proposta que, ademais, conta co respaldo unánime do Parlamento de Galicia, onde o pasado mes de xuño aprobouse por unanimidade unha iniciativa na Comisión de Educación e Cultura en apoio a esta iniciativa.

Nos últimos Orzamentos Xerais do Estado aprobados, de 2023, contan cunha partida de 100.000 euros, máis outros 9,3 millóns nos exercicios seguintes, ata 2026.

Polos motivos expostos, desde o Grupo Popular no Parlamento de Galicia, formulamos as seguintes preguntas orais:

- 1.-Segundo a posición da Xunta de Galicia, Cal é ou estado de tramitación do proxecto de Biblioteca Pública do Estado en Vigo?
- 2.-Existe algún avance, novidade ou cronograma para a construción desta infraestrutura cultural pola que vos vigueses agardan desde hai mais de 17 anos?
- 3.-Ten habido recentemente algunha reunión entre ou Ministerio a Xunta de Galicia e ou Concello de Vigo, para abordar os seguintes pasos a dar? . Existe algún avance no proxecto?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 16/01/2025 13:10:27

Julio García Comesaña na data 16/01/2025 13:10:39

Patricia García González na data 16/01/2025 13:10:49

Carmen Pomar Tojo na data 16/01/2025 13:11:09

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/01/2025 13:11:30

Cecilia Vázquez Suárez na data 16/01/2025 13:11:50

Raúl Santamaría González na data 16/01/2025 13:12:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Luis Ferro Iglesias na data 16/01/2025 13:13:08

Víctor Baladrón Lamas na data 16/01/2025 13:13:21

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/01/2025 13:13:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López e Brais Ruanova Vilas-Boas, Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Carmela González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a recuperación da concesión de catro autovías autonómicas e a supresión das peaxes na AG55 e AG 57.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consello da Xunta do 27 de decembro de 2024 aprobou a resolución dos contratos de concesión das autovías do Salnés, Barbanza, Santiago-Brión e Ourense-Celanova. Segundo a nota de prensa posterior ao Consello, “As catro autoestradas que pasarán a ser xestionadas pola Xunta suman un custo total de 297 millóns de euros, e con esta operación prevese un aforro de máis de 330 millóns de euros en peaxes en sombra e mantemento ata o final das concesións. Isto, polo tanto, permitirá dispor de 30 millóns de euros adicionais para as finanzas públicas galegas”.

Estamos diante dunha información enganosa, dun “truco contable” que oculta os custos que vai ter a xestión destas autovías mediante contratos de concesión, polo que o suposto aforro anunciado non é unha cifra real.

Tampouco é certo que estas autovías vaian ser “xestionadas directamente pola Xunta”. Segundo informou a Xunta, vaise establecer “un período transitorio en que as sociedades concesionarias seguirán realizando os labores de conservación, ata que estas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sexan asumidas polos medios da conservación ordinaria das estradas autonómicas. A previsión da Xunta é licitar os novos contratos de conservación ordinaria no primeiro trimestre do ano, e formalizar os contratos arredor de outubro ou novembro de 2025”.

Do anterior dérivase que a Xunta terá que seguir pagando as concesionarias grande parte do ano 2025 pola conservación e mantemento destas infraestruturas. E a partir de finais de 2025 terá que seguir pagando mediante o contrato de concesión que se vai adxudicar, polo que o aforro antes citado é unha pura ficción e un falseamento da realidade.

Queda aínda pendente de aclarar que vai pasar co persoal que as concesionarias dedican á conservación e mantemento destas autovías no momento en que sexa adxudicada a nova concesión.

E fica sen resolver o agravio que sofren as comarcas da Coruña-Bergantiños-Costa da Morte e de Vigo-Val Miñor xa que son as únicas do país que contan con autovías autonómicas de peaxe, o que constitúe unha discriminación en relación coas demais zonas nas que as autovías de titularidade autonómica son gratuítas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Vai o goberno galego informar os grupos parlamentares sobre os acordos de resolución dos contratos de concesión das autovías do Salnés, Barbanza, Ourense-Celanova e Santiago-Brión, incluíndo a cuantificación dos custos que terá a xestión destas infraestruturas no período transitorio (2025) e cos novos contratos de conservación que se prevén adxudicar a finais do presente ano?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta aclarar que vai acontecer co persoal que as concesionarias dedican á conservación e mantemento destas autovías no momento en que sexa adxudicada a nova concesión?

Ten previsto a Xunta rematar co agravio que sofren as comarcas da Coruña-Bergantiños-Costa da Morte e de Vigo-Val Miñor, aprobando no presente ano 2025 a recuperación das concesións e a supresión das peaxes da AG 55 e da AG 57?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: Luis Bará Torres
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Daniel Pérez López
Brais Ruanova Vilas-Boas
Rosana Pérez Fernández
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Iria Taibo Corsanego
Mercedes Queixas Zas
Carmela González Iglesias
Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 16/01/2025 13:36:07





Alexandra Fernández Gómez na data 16/01/2025 13:44:10





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O déficit de pediatras en diversos centros de saúde da provincia de Ourense é un tema recorrente, que derivou en recollidas de firmas, mobilizacións e protestas dos pais e nais afectados por esta situación que lles provoca un grave prexuízo e que este grupo parlamentario leva denunciando de forma recorrente.

En relación ao centro de saúde de Coles que atende a máis de 500 menores dos cales 227 pertencen o municipio de Coles, 140 do concello de Vilamarín, 187 de Amoeiro e tamén os nenos e nenas do concello da Peroxa.

No mesmo, actualmente o servizo de pediatría está formado por só unha pediatra que atende martes e xoves de 09:00 a 12:50 horas. Horario totalmente insuficiente para unha atención de calidade.

Os e as socialistas o pasado verán reclamábamos un servizo de pediatría digno e eficiente para este centro de saúde sen que a Xunta de Galicia tomara medidas ao respecto.

O Goberno galego lonxe de arranxar a situación descrita sigue precarizando un servizo esencial para estes catro municipios e que en verán, de feito, non se prestaba.





A situación vólvese a repetir e vémonos na obriga de denunciar que en próximas datas debido ao período vacacional da facultativa a atención pediátrica só se vai a desenvolver un día a semana, cando o Sergas é coñecedor da situación na que nos atopamos, con épocas de gripe e outros virus que agrava a situación xa de por si complexa para os nenos e nenas destes municipios.

Sen dúbida, o persoal sanitario do centro está a facer todo o que pode para suplir as carencias expostas, sen que perciban por parte da Administración vontade de arranxar esta situación.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos ao Sergas solución, á espera das nais e pais, para que os fillos e fillas sexan valorados por un profesional da sanidade pública, así como unha calidade asistencial adecuada.

Por isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora o Goberno galego a situación de precariedade asistencial sufrida no centro de saúde de Coles da provincia de Ourense en relación ao servizo pediátrico?
2. O Goberno galego considera suficiente unha atención pediátrica para os municipios de Amoeiro, Vilamarín, A Peroxa e Coles de dous días semanais de 09:00 a 12:50 horas?
3. Porque non se leva a cabo a atención pediátrica completa no centro se saúde en períodos de ausencia da titular pediátrica?
4. Ten previsto de forma urxente arranxar esta situación?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 17570
Data envío: 16/01/2025 14:25:00,668

5. Vaise ampliar o tempo de atención dos nenos e nenas?
6. De ser positiva a anterior resposta, cando se producirá o aumento de horas de atención?
7. Vai o Goberno galego a tomar as medidas precisas para que non se repita a situación acontecida o pasado verán?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/01/2025 14:21:07

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2025 14:21:17

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2025 14:21:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a urxencia de recuperar a atención pediátricas no Centro de Saúde de Monte Alto e no Centro de Saúde de Durmideiras da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Centros de Saúde de Monte Alto e Durmideiras están agora mesmo sen pediatra, sen que o SERGAS enviase persoal substituto a ningún dos centros de saúde en pleno brote de Virus Respiratorio Sinticial (VSR) en dous dos barrios máis populosos da cidade da Coruña que suman máis de 30.000 habitantes.

No caso das crianzas adscritas ao Centro de Saúde de Durmideiras, a atención derivase ao Centro de Saúde Abente y Lago: obrigando as familias a desprazarse cos seus fillos e fillas enfermas e sobrecargando as profesionais deste centro de saúde. A información ofrecida ás persoas que son atendidas en Durmideiras é que as próximas citas que se poden ofrecer con seguridade de que poida estar a pediatra titular non serán até o día 27 de xaneiro.

No caso das familias usuarias do Centro de Saúde de Monte Alto teñen que se desprazar ao Hospital Materno Infantil Teresa Herrera en caso de ter unha urxencia e mesmo en caso de precisar unha revisión dalgunha patoloxía en tratamento, xa que o Centro de Saúde Abente y Lago non pode absorber toda a atención dos dous centros de saúde sen pediatra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A completa falta de atención pediátrica nos dous centros de saúde e a proposta de derivación das consultas e urxencias ao centro de saúde Abente y lago e ao Hospital Materno Infantil Teresa Herrera provoca unha sobrecarga asistencial nestes dous centros aonon se veren reforzados con maior número de profesionais sanitarios.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Por que non está a garantir a Xunta neste momento a atención pediátrica no Centro de Saúde de Monte Alto e no Centro de Saúde de Durmideiras?
- É consciente do que implica esta desasistencia sanitaria infantil en pleno brote de Virus Respiratorio Sinticial (VSR)?
- É consciente o goberno da sobrecarga asistencial que está a provocar redirixindo as consultas ordinarias e as urxencias dos pacientes pediátricos ao Centro de Saúde Abente y Lago e ao Hospital Materno Infantil Teresa Herrera?
- Vai actuar de urxencia o goberno para resolver esta falta de asistencia sanitaria pediátrica nos barrios de Monte Alto e Novo Mesoiro?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/01/2025 16:15:24

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2025 16:16:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a urxencia de recuperar a atención pediátricas no Centro de Saúde de Monte Alto e no Centro de Saúde de Durmideiras da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Centros de Saúde de Monte Alto e Durmideiras están agora mesmo sen pediatra, sen que o SERGAS enviase persoal substituto a ningún dos centros de saúde en pleno brote de Virus Respiratorio Sinticial (VSR) en dous dos barrios máis populosos da cidade da Coruña que suman máis de 30.000 habitantes.

No caso das crianzas adscritas ao Centro de Saúde de Durmideiras, a atención derivase ao Centro de Saúde Abente y Lago: obrigando as familias a desprazarse cos seus fillos e fillas enfermas e sobrecargando as profesionais deste centro de saúde. A información ofrecida ás persoas que son atendidas en Durmideiras é que as próximas citas que se poden ofrecer con seguridade de que poida estar a pediatra titular non serán até o día 27 de xaneiro.

No caso das familias usuarias do Centro de Saúde de Monte Alto teñen que se desprazar ao Hospital Materno Infantil Teresa Herrera en caso de ter unha urxencia e mesmo en caso de precisar unha revisión dalgunha patoloxía en tratamento, xa que o Centro de Saúde Abente y Lago non pode absorber toda a atención dos dous centros de saúde sen pediatra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A completa falta de atención pediátrica nos dous centros de saúde e a proposta de derivación das consultas e urxencias ao centro de saúde Abente y lago e ao Hospital Materno Infantil Teresa Herrera provoca unha sobrecarga asistencial nestes dous centros aonon se veren reforzados con maior número de profesionais sanitarios.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que non está a garantir a Xunta neste momento a atención pediátrica no Centro de Saúde de Monte Alto e no Centro de Saúde de Durmideiras?
- É consciente do que implica esta desasistencia sanitaria infantil en pleno brote de Virus Respiratorio Sinticial (VSR)?
- É consciente o goberno da sobrecarga asistencial que está a provocar redirixindo as consultas ordinarias e as urxencias dos pacientes pediátricos ao Centro de Saúde Abente y Lago e ao Hospital Materno Infantil Teresa Herrera?
- Vai actuar de urxencia o goberno para resolver esta falta de asistencia sanitaria pediátrica nos barrios de Monte Alto e Novo Mesoiro?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/01/2025 16:15:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o proxecto de vertedoiro en Niveiro, en Val do Dubra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A canteira Pedra Facha, situada na parroquia de Niveiro, en Val do Dubra, púxose en funcionamento no ano 1980 ocupando 89.000 m³ e prolongouse a actividade extractiva na mesma ata comezos deste novo século. Este espazo natural, totalmente alterado despois da actividade mineira, reintegrouse na natureza após o peche da canteira coa aparición de vexetación e fauna que ocupou o espazo baleiro. Neste lugar poden verse raposos, lobos e diferentes aves, sen descartar anfibios, quirópteros e odonatos, así como flora de especial interese pola súa rareza.

Mais a veciñanza de Niveiro está a asistir a unha nova ameaza, ante a intención de implantar un vertedoiro na antiga canteira de Pedra Facha, o que suporía graves impactos no territorio tanto a nivel paisaxístico, como medioambiental e económico. Algunhas destas afectacións serían a perda de calidade do aire debido á recolección, transporte e depósito do lixo, con malos cheiros e emisión de gases contaminantes, a contaminación de augas superficiais e do solo, a destrución do terreo circundante e do medio natural existente nese lugar, e por suposto, a perda do valor paisaxístico da contorna.

A contaminación da auga e os solos pode supor un detrimento da calidade dos cultivos e a perda de valor do terreo próximo, tanto no concello do Val do Dubra coma





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no veciño de Trazo, e o deterioro de estradas e camiños polo paso de camións de gran tonelaxe. Neste monte nace un dos afluentes do río Dubra, co risco de contaminación fluvial que suporía, podendo chegar a afectar ao Tambre.

A parroquia de Niveiro consta de 9 núcleos de poboación, nos que están censadas 300 persoas. Ademais, próxima a esta antiga canteira, atópase a cooperativa de Niveiro, con preto de 200 cabezas de gando vacún que tamén sufrirían o impacto do vertedoiro. Ademais, isto nunha comarca que xa vén padecendo a presenza de vertedoiros, como é o caso do vertedoiro do Miramontes.

Mostra da preocupación que esperta o anuncio de creación deste vertedoiro son as múltiples mobilizacións que foron tendo lugar nos últimos meses, onde a veciñanza mostrou claramente o seu rexeitamento a ter un vertedoiro en Niveiro.

A situación a nivel global require de políticas valentes que aposten polo coidado medioambiental e que deixen atrás maneiras de funcionar que se teñen demostrado claramente gravosas para o ser humano e para o planeta.

A preocupación social, xa importante previamente, acrecentouse após a publicación do proxecto no DOG o pasado 13 de xaneiro.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- É consciente o goberno galego do impacto que tería a creación dun vertedoiro en Niveiro?
- Que opinión lle merecen as consecuencias que tería ese vertedoiro sobre a saúde humana e animal? E as consecuencias ambientais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Cales son as medidas para evitar a contaminación do solo e das augas subterráneas e superficiais?

– Ten previsto desautorizar o goberno galego a implantación dun vertedoiro en Niveiro

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Luis Bará Torres

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2025 16:42:39

Luis Bará Torres na data 16/01/2025 16:45:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación do CEIP Sigüeiro de Oroso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación na que se atopa o CEIP Sigüeiro no concello de Oroso é extremadamente precaria. A propia infraestrutura atópase en mal estado, precisando actuacións no tellado para resolver filtracións e goteiras, a mellora da instalación eléctrica, a dotación dun ascensor no edificio construído en primeiro lugar ou a ampliación do espazo destinado ao comedor, servizo cunha gran demanda por parte das familias.

A pesar destas melloras necesarias e imprescindíbeis sobre a edificación do CEIP, esta non é súa principal demanda. A escaseza de persoal por mor dos recortes impostos por parte do Partido Popular desde a Consellería de Educación supón unha situación grave que se agudiza no caso de alumnado con maiores necesidades de apoio.

Dentro das crianzas con NEAE, seis delas precisan e teñen autorizado un coidador. A orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes recolle no seu artigo 80.4: “A ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con necesidades educativas especiais non excederá 1/6, tendo en conta as necesidades de atención do alumnado”. Neste centro, aínda que a rateo non está





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

excedida en termos cuantitativos, non se pode dicir o mesmo en termos cualitativos, pois estas crianzas teñen uns altos requirimentos de atención.

Esta situación agrávase na situación de que esta profesional non poida acudir ao seu posto de traballo ou incluso cando unha destas crianzas ten unha saída do centro por mor de calquera actividade, pois o centro queda sen ningunha profesional que realice estas tarefas, tendo que ser as familias as que asuman a atención destas crianzas, coas obvias dificultades que isto ten a nivel de conciliación laboral, mais con outros trastornos que pode supor.

Mais o recorte de persoal afecta ao global do centro, pois a dotación de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe é claramente insuficiente para o alumnado que precisa dese apoio educativo, a pesar do incremento que se produciu unha vez iniciado o curso. Tamén é insuficiente a dotación de profesorado xeral, precisando reforzos tamén neste eido. Situación que é sobradamente coñecida por Inspección Educativa, sen que se teñan tomado as medidas precisas para mellorar a situación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É consciente o goberno galego da situación na que se atopan as crianzas do CEIP Sigüeiro? Considera o goberno galego que a atención proporcionada ao alumnado con maiores necesidades educativas e de apoio é a correcta?
- Considera realmente suficiente a dotación de unha única persoa coidadora para este centro dadas as necesidades que presentan as crianzas?
- Cal é a previsión que ten a Xunta de Galiza para a cobertura desta persoa no caso de que esta persoa non poida acudir ao seu posto de traballo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Cal é o motivo polo cal non se incrementou a dotación de coidadoras nin de profesorado especialista en PT e AL?

– Que medidas ten contempladas o goberno galego para mellorar a atención ao alumnado do CEIP Sigüeiro?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2025 16:57:03

Cristina Fernández Davila na data 16/01/2025 16:58:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os contratos da Consellaría de Medio Ambiente con TRAGSATEC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta asinou nos últimos anos contratos con TRAGSATEC para a realización de diversos traballos de consultoría, xestión, elaboración de informes, etc.

Algúns dos contratos asinados son os seguintes:

-Traballos auxiliares de avaliación ambiental estratéxica, de avaliación de impacto ambiental, de tramitación da autorización ambiental integrada, así como traballos auxiliares relacionados coa calidade do solo: 1.056.574,14 €.

-Encomenda que comprende o servizo técnico cualificado para a análise, xestión, planificación e control da xestión de residuos de Galicia: 544.838,04 €.

-Servizo técnico cualificado para a predición e difusión climatolóxica, o seguimento do estado químico e ecolóxico das augas, o control da calidade do aire e o cambio climático: 2.717.669,10 €.

-O asesoramento xurídico, económico e de información ambiental en materia de calidade ambiental e cambio climático: 668.250,57 €.

Como se pode advertir nos conceptos e materia dos contratos, estamos ante unha posíbel externalización de funcións do funcionariado público, que contravén o disposto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na sentenza do TSXG que anulou as encomendas de xestión a TRAGSA para o control do patrimonio arqueolóxico.

Na práctica a Xunta está desenvolvendo unha auténtica administración paralela, encomendando a TRAGSATEC informes sectoriais para a avaliación do impacto ambiental e para a tramitación da autorización ambiental integrada de proxectos; informes determinantes para autorizacións en materia; ou persoal e funcións dos servizos meteorolóxicos (Meteogalicia).

No BNG temos constancia de que no edificio de TRAGSATEC en Fontiñas traballa persoal contratado por TRAGSATEC, utilizando medios da administración autonómica e suplantando polo tanto funcións do persoal funcionario, na tramitación de proxectos e na elaboración de informes determinantes para a autorización de proxectos industriais, de enerxía, mineiros ou de xestión de residuos.

Este xeito de proceder tamén estaría sendo utilizado na tramitación da declaración de impacto ambiental e da autorización ambiental do proxecto industrial de ALTRI na Ulloa, feito que podería ter incidencia nun posible recurso na vía contencioso-administrativa.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Vai a Xunta enviar aos grupos parlamentarios a documentación de todos contratos asinados nos últimos 15 anos pola administración autonómica con TRAGSATEC en relación cos seguintes ámbitos: informes para a avaliación do impacto ambiental e para a tramitación da autorización ambiental integrada de proxectos; informes para autorizacións en materia de residuos; servizos meteorolóxicos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(Meteogalicia). asesoramento xurídico, económico e de información ambiental en materia de calidade ambiental e cambio climático?

Vai a Xunta facer público o cadro de persoal de TRAGSATEC (persoas contratadas, cualificación profesional e tarefas que realizan) que presta servizos de asesoramento, informes, servizos de predición meteorolóxica, etc. para a consellaría de medio ambiente e cambio climático?

Pode garantir a Xunta que non se están externalizando e suplantando funcións que debe cumprir o persoal funcionario da administración autonómica?

Pode garantir a Xunta que os informes relativos á tramitación e aprobación de procedementos ambientais son realizados por persoal da consellaría de medio ambiente e cambio climático?

Comparte a Xunta que este xeito de proceder podería implicar a nulidade das actuacións en procedementos como o da declaración de impacto ambiental e autorización ambiental do proxecto industrial de ALTRI na Ulloa?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/01/2025 17:05:23

Alexandra Fernández Gómez na data 16/01/2025 17:05:26

Luis Bará Torres na data 16/01/2025 17:05:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os contratos da Consellaría de Medio Ambiente con TRAGSATEC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta asinou nos últimos anos contratos con TRAGSATEC para a realización de diversos traballos de consultoría, xestión, elaboración de informes, etc.

Algúns dos contratos asinados son os seguintes:

-Traballos auxiliares de avaliación ambiental estratéxica, de avaliación de impacto ambiental, de tramitación da autorización ambiental integrada, así como traballos auxiliares relacionados coa calidade do solo: 1.056.574,14 €.

-Encomenda que comprende o servizo técnico cualificado para a análise, xestión, planificación e control da xestión de residuos de Galicia: 544.838,04 €.

-Servizo técnico cualificado para a predición e difusión climatolóxica, o seguimento do estado químico e ecolóxico das augas, o control da calidade do aire e o cambio climático: 2.717.669,10 €.

-O asesoramento xurídico, económico e de información ambiental en materia de calidade ambiental e cambio climático: 668.250,57 €.

Como se pode advertir nos conceptos e materia dos contratos, estamos ante unha posíbel externalización de funcións do funcionariado público, que contravén o disposto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na sentenza do TSXG que anulou as encomendas de xestión a TRAGSA para o control do patrimonio arqueolóxico.

Na práctica a Xunta está desenvolvendo unha auténtica administración paralela, encomendando a TRAGSATEC informes sectoriais para a avaliación do impacto ambiental e para a tramitación da autorización ambiental integrada de proxectos; informes determinantes para autorizacións en materia; ou persoal e funcións dos servizos meteorolóxicos (Meteogalicia).

No BNG temos constancia de que no edificio de TRAGSATEC en Fontiñas traballa persoal contratado por TRAGSATEC, utilizando medios da administración autonómica e suplantando polo tanto funcións do persoal funcionario, na tramitación de proxectos e na elaboración de informes determinantes para a autorización de proxectos industriais, de enerxía, mineiros ou de xestión de residuos.

Este xeito de proceder tamén estaría sendo utilizado na tramitación da declaración de impacto ambiental e da autorización ambiental do proxecto industrial de ALTRI na Ulloa, feito que podería ter incidencia nun posible recurso na vía contencioso-administrativa.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Vai a Xunta enviar aos grupos parlamentarios a documentación de todos contratos asinados nos últimos 15 anos pola administración autonómica con TRAGSATEC en relación cos seguintes ámbitos: informes para a avaliación do impacto ambiental e para a tramitación da autorización ambiental integrada de proxectos; informes para autorizacións en materia de residuos; servizos meteorolóxicos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(Meteogalicia). asesoramento xurídico, económico e de información ambiental en materia de calidade ambiental e cambio climático?

Vai a Xunta facer público o cadro de persoal de TRAGSATEC (persoas contratadas, cualificación profesional e tarefas que realizan) que presta servizos de asesoramento, informes, servizos de predición meteorolóxica, etc. para a consellaría de medio ambiente e cambio climático?

Pode garantir a Xunta que non se están externalizando e suplantando funcións que debe cumprir o persoal funcionario da administración autonómica?

Pode garantir a Xunta que os informes relativos á tramitación e aprobación de procedementos ambientais son realizados por persoal da Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático?

Comparte a Xunta que este xeito de proceder podería implicar a nulidade das actuacións en procedementos como o da declaración de impacto ambiental e autorización ambiental do proxecto industrial de ALTRI na Ulloa?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 16/01/2025 17:11:53

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/01/2025 17:11:56

Alexandra Fernández Gómez na data 16/01/2025 17:12:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Brais Ruanova Vilas-Boas e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a declaración da illa de San Simón como lugar de memoria e desenvolvemento de iniciativas de coñecemento e divulgación da represión franquista neste espazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na reunión da Comisión primeira do día 15 de xaneiro de 2025, durante o debate dunha iniciativa do grupo socialista sobre a creación do Consello da Memoria Democrática, o portavoz do PP sr Ferro Iglesias fixo unhas afirmacións extremadamente graves polo que supoñen de minusvaloración e negación do acontecido na Illa de San Simón na etapa en que se instalou alí un campo de concentración franquista (1936-1943).

Sinalou o sr Ferro que o PP non tiña constancia pola documentación que existe “de que houbera mortes na illa de San Simón salvo abusos do director da prisión que foi pasado polo coitelo”. Estamos diante dun claro caso de negacionismo histórico, de ocultación da realidade e de intento de branqueo do que aconteceu en san Simón xa que existe abundante documentación que demostra que:

-Centos de presos -sobre todo os coñecidos como “os vellos”, procedentes de fóra de Galiza- morreron de fame e enfermidade na illa de San Simón Segundo as investigacións de Gonzalo Amoedo e Roberto Gil, recollida no libro Episodios de terror





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

durante a guerra civil na provincia de Pontevedra. A illa de San Simón (Xerais, 2008) no campo de concentración de San Simón estiveron recluídas máis de 6000 persoas, das que cando menos 482 morreron na illa de fame e enfermidade. Estas persoas, a maioría de fóra de Galiza, foron enterradas en foxas anónimas nos cemiterios de Redondela e Vigo, polo que centos de familias nunca puideron recuperar os seus restos.

-Ducias de presos foron sacados da illa para ser fusilados, logo de procedementos xudiciais irregulares nos que foron condenados por delitos de rebelión por tribunais ilexítimos formados polos militares golpistas.

-Ducias de presos foron sacados da illa pola noite por grupos paramilitares mediante o procedemento que se denominou “a raposa” para seren asasinados impunemente nas cunetas das estradas da contorna de Cesantes, Redondela, Pontevedra, Vilaboa, etc.

-Un grupo de 8 presos asturianos foron fusilados na illa o 5 de agosto de 1938.

Tendo en conta a abundante documentación e testemuños orais que acreditan estes feitos, a citada afirmación do portavoz do PP resulta absolutamente indignante e ofensiva para as vítimas e as familias.

Estes feitos o que poñen de relevo unha vez máis é a necesidade de dar a coñecer a historia de San Simón como campo de concentración franquista e de aprobar a declaración deste espazo de grande simbolismo como Lugar de Memoria. Esta declaración debe ser o punto de partida para o desenvolvemento dun programa de actividades informativas, de sensibilización, de divulgación e pedagóxicas en relación con esta etapa histórica, programación na que se debe prestar especial atención aos centros educativos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten previsto a Xunta dar a coñecer a historia de San Simón como campo de concentración franquista no período 1936-1943, informando sobre as inhumanas condicións que sufriron os presos e os centos de vítimas mortais que se produciron nese período debido a enfermidades, fusilamentos e asasinatos extraxudiciais?

Vai o goberno galego colaborar coas familias das persoas que morreron en San Simón durante a etapa do campo de concentración na localización, exhumación, identificación e enterramento dignos dos seus familiares?

Vai o goberno galego apoiar a declaración da illa de San Simón como Lugar de Memoria Democrática, sumándose á proposta formulada neste sentido polo movemento memorialista galego?

Ten previsto o goberno galego desenvolver, en colaboración co movemento memorialista galego, un programa de actividades informativas, de sensibilización, de divulgación e pedagóxicas en relación con esta etapa histórica, prestando especial atención aos centros educativos?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Carmela González Iglesias
Alexandra Fernández Gómez
Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 16/01/2025 17:34:40

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/01/2025 17:34:45

Carmela González Iglesias na data 16/01/2025 17:34:53

Alexandra Fernández Gómez na data 16/01/2025 17:34:59

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2025 17:35:08





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 17:38:13
Nº Rexistro: 17605
Data envío: 16/01/2025 17:38:13.172

Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Falar de saúde mental é poñer en evidencia, nos últimos anos, o aumento preocupante de alteracións e trastornos de condutas da saúde mental en idades cada vez máis novas, afectando a adultos novos e mesmo a menores de idade.

E a saúde mental infanto-xuvenil converteuse nunha preocupación de primeira orde con datos realmente duros.

Segundo os datos da Asociación Española de Pediatría “a epidemia na infancia alcanzou niveis dramáticos” xa que dous cada cinco menores de 10 a 19 anos sofren ansiedade e depresión e un de cada cinco, trastornos do comportamento ou trastorno por déficit de atención e/o hiperactividade (TDAH). En total ata o 47% dos neno e adolescentes padece algún problema de saúde mental.

E se estes datos enfrontámoslos aos que tiñamos antes do COVID, vemos que a situación efectivamente empeorou. Dato que eran o 10% do nenos e o 20% e os adolescentes.

Ante esta dura realidade non podemos quedarnos quietos. Hai que evitar este sufrimento e que o poidan arrastrar toda a vida.





O PP nunha iniciativa recente ante este Parlamento textualmente dicía:

“Ese aumento de recursos dáse no marco do Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19 2020-2024. Grazas a este plan puxéronse en funcionamento hospitais día de saúde infanto-xuvenil nas sete cidades galegas, así como a Unidade de hospitalización psiquiátrica do Álvaro Cunqueiro”.

Pero o que sabemos é que la unidade de hospitalización Saúde mental infanto xuvenil do Álvaro Cunqueiro, non ten capacidade para atender á demanda. E moitas atencións tiveron que ser atendidas na unidade de Pediatría ou en psiquiatría de adultos.

Polo que os esforzos dos que fala a Xunta de Galicia non son suficientes. É necesario aumentar os recursos en materia de saúde mental infanto xuvenil.

Por ilo, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando pensa a Xunta de Galicia incrementar a capacidade da unidade de hospitalización infanto-xuvenil do hospital Alvaro Cunqueiro de Vigo?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 17:38:13
Nº Rexistro: 17605
Data envío: 16/01/2025 17:38:13.172

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2025 17:25:48

Carlos López Font na data 16/01/2025 17:25:57

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2025 17:26:05

CSV: BGJRBQ-SERBGM9B70CHg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

61126

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Grupo Socialista ten moi claro que as prioridades en sanidade deben pasar pola redución das listas de espera, o liderado da atención primaria e por fortalecer a saúde mental, aínda que a nosa ambición vaia máis aló.

Se falamos de saúde mental, somos coñecedores e coñecedoras de que os expertos poñen en manifesto que nos últimos anos, existe un aumento preocupante de alteracións e trastornos de condutas da saúde mental en idades cada vez máis novas, afectando a adultos novos e mesmo a menores de idade. E a saúde mental infanto-xuvenil converteuse nunha preocupación de primeira orde con datos realmente duros.

Segundo os datos da Asociación Española de Pediatría “a epidemia na infancia alcanzou niveis dramáticos” xa que dous de cada cinco menores de 10 a 19 anos sofren ansiedade e/ou depresión e un de cada cinco trastornos do comportamento ou trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade (TDAH). En total ata o 47% dos neno e adolescentes padece algún problema de saúde mental, cun punto de inflexión moi marcado, a pandemia antes do COVID, eran o 10% dos nenos e o 20% e os adolescentes. Habemos de evitar este sufrimento e que o poidan arrastrar toda a vida.

A Xunta de Galicia debería estar á altura da demanda cidadá, permitindo asegurar a atención prioritaria á saúde mental con recursos e políticas estables e isto non sucede.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 17:39:18
Nº Rexistro: 17611
Data envío: 16/01/2025 17:39:18.001

O PP nunha iniciativa recente ante este Parlamento dicía textualmente:

“Ese aumento de recursos dáse no marco do Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19, período 2020-2024. Grazas a este plan puxéronse en funcionamento hospitais de día de saúde infanto-xuvenil nas sete cidades galegas, así como a Unidade de hospitalización psiquiátrica do Álvaro Cunqueiro”.

Pero, Ourense aínda non conta cun hospital de día infanto-xuvenil pois non hai locais nin espazos para iso. Os esforzos dos que fala a Xunta de Galicia non son suficientes. É necesario aumentar os recursos en materia de saúde mental infanto xuvenil.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

1. Cando pensa a Xunta de Galicia dotar a Ourense dun espazo físico habilitado para que realmente poida contar cun hospital de día infanto-xuvenil?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/01/2025 17:32:16

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2025 17:32:24

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

61128

@PSdeG



CSV: B0R0G-S1629XG00857CHg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 17:39:18
Nº Rexistro: 17611
Data envío: 16/01/2025 17:39:18.001

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2025 17:32:31

CSV: B0R0G3F02YK00857CHg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

61129

@PSdeG





A MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da Radio e da Televisión de Galicia**.

Dende o comité intercentros da CRTVG informábase que a dirección da CRTVG convocou o comité en plena xornada de folga e tras sete semanas de paros, non para negociar os motivos dos paros senón para anunciar unha reestruturación nos centros de traballo da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Madrid.

O subdirector de informativos, Alejandro López Carballeira, foi o encargado de explicar as “novas dinámicas de traballo” que consisten en que as redactoras (ata o de agora especializadas en televisión, radio ou *web*) pasen a traballar “de maneira indiscriminada nos tres soportes”.

Recoñeceu que esa transformación suporá modificacións de tarefas e posiblemente tamén de horarios, amais de afectar á estrutura organizativa, habendo unha responsable por delegación que coordinará os contidos e o persoal, e que desenvolverá a representación institucional de cada centro de traballo. Cambios que pretenden implementar progresivamente a partir do 7 de xaneiro.

Fan así oídos xordos de novo á demanda de diálogo social recollida nos motivos da folga, onde se pedía retomar a negociación da nova clasificación profesional, e tan necesaria para acometer unha transformación dixital da CRTVG consensuada e exitosa.





O Grupo Parlamentario Socialista denunciaba na Comisión de Control parlamentaria que dende o 26 de xuño de 2024 non se levaron a cabo máis reunións nin se acadou acordo en firme sobre o modelo presentado pola CRTVG para a nova clasificación profesional, pendente de actualización desde hai máis dunha década e instabamos o Director do ente a retomar de forma urxente a negociación.

Considera, o comité intercentros, que a dirección volve a aplicar “rodillo” para impoñer funcións, xerando máis inquedanza e malestar entre as traballadoras dos medios públicos e que constitúe un novo ataque ás traballadoras e á súa representación que non fai máis que quentar unha folga froito do maltrato e desmantelamento que levan anos sufrindo por parte da actual dirección

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. A que marco legal responde a modificación e reestruturación das delegacións anunciada pola dirección da CRTVG ?
2. Estas novas dinámicas van dar lugar a modificación substancial das condicións de traballo?
3. En que punto queda a información territorial con este cambio?
4. Como vai ser a dinámica diaria de traballo?
5. Como vai afectar ás funcións do persoal?
6. É un paso previo á implantación do mesmo sistema de traballo en San Marcos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16550
Data envío: 09/01/2025 16:31:04.184

7. Como vai afectar esta proposta a redactores e locutores da RG? Vai supoñer algún cambio nas súas funcións?

8. Vai isto supoñer algún cambio na estrutura orgánica, nas xefaturas, a quen van ter que dar conta os traballadores?

9. O cambio nas delegacións é o paso previo para facer o mesmo na Radio Galega?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16550
Data envío: 09/01/2025 16:31:04.184

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:13:06

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:13:14

CSV: B6PIS0T8D3F000A676H4-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16557
Data envío: 09/01/2025 16:32:33,081

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión Permanente non Lexislativa da Corporación da Radio e Televisión de Galicia**.

A televisión de Galicia, segundo informaba un medio dixital, ordenaba aos redactores da delegación da Coruña que deixasen de incluír nas súas informacións os nomes dos acusados de matar a Samuel Luiz, cuxo xuízo se celebra na Audiencia Provincial da Coruña.

O mesmo informativo tamén expón que se lles indica aos traballadores do ente público que deben evitar tomar imaxes dos seus rostros, e de facelo deben editalas e difundilas, pixelando as súas caras para impedir que poidan ser identificados.

É importante destacar que segundo o mesmo medio, a tenor do exposto polos traballadores e traballadoras, esta estratexia coincidiría coa dun avogado defensor.

Hai aproximadamente un mes, é dicir unhas tres semanas antes da vista, varios traballadores da TVG recibiron unha circular sen cabeceira nin sinatura, baixo o título "Pautas de estilo para os informadores sobre o tratamento da imaxe", cuxo punto número 1 refírese precisamente aos xuízos e procesos xudiciais.

Destaca o persoal traballador que esta circular non foi recibida por todo o cadro, nin en todas as delegacións.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

61134

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16557
Data envío: 09/01/2025 16:32:33.081

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Indicouse por parte da CRTVG aos redactores e redactoras da delegación da Coruña, en relación co xuízo sobre a morte violenta de Samuel Luiz, que deixaran de incluír nos informativos os nomes dos acusados?
2. E que non gravaran ás persoas acusadas e de facelo editaran as imaxes pixelándooas?
3. Por que só os traballadores e traballadoras da delegación da Coruña recibiron instrucións neste sentido?
4. Que razóns motivaron esta actuación irregular por parte da dirección da CRTVG?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025

CSV: B6P1S1R9G3Y2M0S7B4H-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30
61135

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16557
Data envío: 09/01/2025 16:32:33.081

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:15:42

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:15:49

CSV: B6P5T8B9GyG2M0S7B94g-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión Permanente non Lexislativa da CRTVG**.

A Corporación Radio Televisión de Galicia dispón dun convenio colectivo do ano 2015. O referido convenio encóntrase totalmente desactualizado e por iso foi denunciado pola parte social a finais de 2023.

Desde o inicio das negociacións ata o 1 de setembro de 2024 os representantes dos traballadores e a representación do ente público mantiveron un total de sete xuntanzas. A última, programada para mediados do mes de xullo aínda non se levou a cabo despois de recibir o comité de empresa un aviso de adiamento.

No que vai de ano, apenas se avanzou no novo texto, e a CRTVG non está disposta a asumir a maior parte das propostas que lle achega a parte social, unha delas, incluída no programa da UXT, que se comprometeu a recuperar a xornada laboral de 35 horas á semana, e que a empresa nega acolléndose a que a normativa non cambiou, e que se axustan ás medidas en vigor.

Por outra banda, están pendentes de negociar as licenzas retributivas, non retributivas e excedencias, adiado o capítulo dedicado ao cadro de persoal. Provisión das vacantes. Contratación. Período de proba. Promoción interna ou o Concurso de traslados, a mobilidade funcional ou a estrutura retributiva.





É máis, a estas alturas a parte empresarial aínda non trasladou á parte social a masa salarial para poder levar a cabo estas negociacións.

Este grupo parlamentario entende que por parte da entidade pública non existe vontade negociadora porque coa entrada en vigor da nova lei de Rueda, de medios públicos, non todo o persoal vai xogar cas mesmas regras, e a pretensión e a externalización de contidos e servizos. De feito no anteproxecto de lei que se presenta, no art. 46, que reproducimos, fala de convenios colectivos en plural.

Artigo 46. Persoal laboral

1. O persoal ao servizo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxese:

a) Polas disposicións aplicables do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego de Galicia.

b) Polo texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e as demais normas de dereito laboral.

c) Polos convenios colectivos.

d) Polo correspondente contrato de traballo...

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende a CRTVG que un convenio colectivo que data do ano 2015 está desfasado e precisa de actualización inmediata?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16559
Data envío: 09/01/2025 16:32:56.861

2. Cando foi a última reunión da mesa negociadora do convenio colectivo da CRTVG?
3. Por que se aprazou a reunión da mesa negociadora programada para mediados de Xullo e a mediados de setembro inda non se ten convocado?
4. Cales son os puntos que impiden aos representantes do ente público chegar a un acordo co comité de empresa e asinar un novo convenio colectivo?
5. Por que o anteproxecto de lei no seu artigo 46 fala de convenios colectivos en plural?
6. O aprazamento da reunións da mesa negociadora e a falta de vontade negociadora da CRTVG está orixinada pola entrada do anteproxecto de lei de medios públicos?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG



Asinado





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16559
Data envío: 09/01/2025 16:32:56.861

dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:17:08

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:17:17

CSV: B6P5TRB9UyQj0657L8lg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-YGM9S7CHg-9

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

